

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 14 de agosto de 2014

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. Carlos López Font
D^a. Olga Alonso Suárez
D^a. M^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. Angel Rivas González
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

NON ASISTEN:

D^a M^a Jesús Lago Rey
D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Cayetano Rodríguez Escudero
D. José Manuel Fernández Pérez

Invitados:

D. David Regades Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás once horas e quince minutos do día catorce de agosto do ano de dous mil catorce e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, e o interventor xeral, Sr. García Alvarez.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(898).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

2(899)INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 5.530,96 € A FAVOR DE EULEN SEGURIDAD S.A. POLA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DE VIXILANCIA E SEGURIDADE NA U.A.D. CEDRO E UBAS – XULLO 2014. EXPTE. 2175/315.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 12.08.14, e de acordo co informe-proposta da técnica de Servizos Económicos, do 7.08.14, conformado polo xefe da Área de Política de Benestar e pola concelleira delegada da Área de Política de Benestar, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar a indemnización substitutiva por importe de 5.530.96 euros, a favor de EULEN SEGURIDAD, S.A. (CIF: A-28369395), pola prestación dos servizos

de vixilancia e seguridade na unidade asistencial de drogodependencias CEDRO e nas UBAS, durante o mes de xullo de 2014.

SEGUNDO.- Imputar o gasto de 5.530.96 euros a partida orzamentaria 3133.2270100 "Contratación Servicio Seguridade", minorándoo do doc. contable A-201400048517.

3(900)BASES E CONVOCATORIA DA SUBVENCIÓN PARA O FOMENTO DOS VALORES SOCIAIS DO DEPORTE COMO ACTIVIDADE DE OCIO ENTRE A POBOACIÓN ESCOLAR, COLECTIVOS DE DISCAPACITADOS E PERSOAS ECONOMICAMENTE DESFAVORECIDAS- ACCESO A BALAIÓDOS TEMPADA 2014-2015. EXPTE. 13336/333.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 1.08.14, o informe de fiscalización do 7.08.14, e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 8.08.14, conformado polo concelleiro de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar as bases reguladoras e convocatoria da subvención para o fomento dos valores sociais do deporte como actividade deportiva e de ocio entre a poboación escolar e colectivos de discapacitados, para faciliatr a asistencia destes colectivos, ao estadio de Balaídos para presenciar, desde a denominada grada de Fondo do estadio, dos partidos que disputará o Real Club Celta de Vigo na tempada deportiva 2014-2015 da División de Honor de Fútbol; nas competicións de LIGA e COPA. As bases reguladoras e convocatoria que figuran como anexo al presente acordo.

SEGUNDO.- Iniciar co dito obxecto as actuacións conducentes á adquisición ao Real Club Celta de Vigo, SAD de 1.600 entradas por partido para á Grada de Fondo do estadio de Balaídos, para que os beneficiarios da subvención podan presenciar os partidos que disputará o Real Club Celta de Vigo na tempada deportiva 2014-2015 da División de Honor de Fútbol; nas competicións de LIGA e COPA de fútbol, así como de outros partidos de carácter amistoso, a cuxo fin autorizarase, coa aprobación do expediente de contratación, a favor do Real Club Celta de Vigo, SAD, o gasto de 169.400 euros, dos que 29.400 corresponden ao IVE, con cargo a la aplicación orzamentaria 3410.227.99.02 "Convenios" para facer fronte ao gasto, coa seguinte distribución anual:

- 2014: 67.760,00 €. (iva incluído).
- 2015: 101.640,00 €. (iva incluído).

TERCEIRO.- Publíquense as devanditas bases reguladoras e convocatoria no Boletín Oficial da Provincia e en la página web do Concello de Vigo.

ANEXO

BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DA SUBVENCIÓN PARA FOMENTAR OS VALORES SOCIAIS DO DEPORTE COMO ACTIVIDADE DE OCIO ENTRE A POBOACIÓN ESCOLAR, COLECTIVOS DE DISCAPACITADOS E PERSOAS ECONÓMICAMENTE DESFAVORECIDAS, FACILITANDO O SEU ACCESO AO ESTADIO DE BALAIÓDOS PARA PRESENCIAR, DESDE A DENOMINADA GRADA DE FONDO DO ESTADIO, OS PARTIDOS DO REAL CLUB CELTA DE VIGO A CELEBRAR NO ESTADIO DE FUTBOL MUNICIPAL DE BALAIÓDOS DURANTE A TEMPADA 2014-2015 NAS COMPETICIÓN DE LIGA DA DIVISIÓN DE HONOR DE FÚTBO E COPA.

PRIMEIRA.- OBXECTO DAS SUBVENCIÓNS.

O obxecto da subvención a que se refiren as presentes bases e convocatoria é a de fomentar os valores sociais do deporte, e o fútbol en particular, como actividade de ocio, entre a poboación escolar, colectivos de discapacitados e persoas economicamente desfavorecidas, facilitando a estes colectivos o acceso ao estadio de Balaídos para presenciar os partidos que o Real Club Celta de Vigo desenvolverá na presente tempada 2014-2015, correspondentes a competición de Liga na División de Honor da Liga de Fútbol Profesional, e na competición de COPA, así como de outros partidos de carácter amistoso, mediante a entrega gratuíta da entrada ao estadio.

SEGUNDA.- GASTOS SUBVENCIONABLES.

A entrada ao estadio para a denominada Grada de Fondo.

TERCEIRA.- COMPATIBILIDAD DAS SUBVENCIÓNS.

A presente subvención será incompatible con calquera outra otorgada para sufragar o mesmo custe.

CUARTA.- CONTÍA TOTAL DAS SUBVENCIÓNS E CONTÍA INDIVIDUALIZADA DE CADA ENTRADA.

A cantidade máxima que se destinara a estas axudas será de 169,400,00 euros, dos que 29.400 corresponden ao IVE das entradas a adquirir pola compra das mesmas. O gasto realizarase con cargo a la aplicación orzamentaria 3410.227.99.02 "Convenios". De acordo coa seguintes distribución anual correspondente o propio calendario de competición:

- 2014: 67.760,00 €. (iva incluído).
- 2015: 101.640,00 €. (iva incluído).

Tendo en conta o importe global das entradas, así como o número mínimo de partidos que se vinculan a este proxecto, a contía estimada por entrada correspondese co seguinte importe:

1.600 entradas por partido, cun mínimo de 20 partidos. O prezo estimado dunha entrada e de 5,29 €, iva incluído.

QUINTA.- PROCEDIMIENTO DE CONCESIÓN DAS SUBVENCIÓNS.

O procedemento para a distribución das entradas será o de concurrencia competitiva do artigo 19 da Ley 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, coa excepción prevista no seu apartado 2º, habida conta a natureza da axuda.

SEXTA.- REQUISITOS DOS BENEFICIARIOS.

Poderán ser beneficiarios desta axuda os escolares dos colexios públicos de educación primaria e os seus acompañantes maiores de idade en canto acompañantes e exclusivamente en tal calidade; as persoas afectadas por discapacidades psíquicas e menores residentes en centros de acollida e os seus acompañantes maiores de idade en canto acompañantes e exclusivamente en tal calidade, así como as persoas en situación de desemprego.

SÉTIMA.- OBLIGACIÓNS DOS BENEFICIARIOS.

Serán obrigacións dos beneficiarios das subvencións, ademáis das previstas nas presentes Bases y Convocatoria e das sinaladas no artigo 11 de la Lei de subvencións de Galicia, no que resulte procedente habida conta da especial natureza desta axuda, as que seguen:

— *As entradas que se faciliten son personais polo que non poderán ser transferidas en ningún caso polo beneficiario. No caso de que unha vez obtida se prevea que non se poderá facer uso dela deberá devolverse ao Concello de Vigo para a súa asignación conforme aos criterios de adxudicación que se conteñen na base seguinte. Non obstante, as entradas de acompañante poderán ser utilizadas tanto polas persoas maiores de idade que accedan ao estadio en calidade de acompañantes dos escolares de educación primaria, discapacitados psíquicos e menores acollidos, como por escolares de educación primaria que non dispoñan de entrada de escolar beneficiario ou escolares de educación secundaria non beneficiarios.*

— *As entradas gratuitamente entregadas en ningún caso poderán ser vendidas. A eventual venta dunha destas entradas será considerada como infracción moi grave.*

OITAVA.- CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN.

A distribución das entradas realizarase nos termos que seguen:

Do número total de entradas, mil trescentas (1.300) distribuiranse entre os escolares dos colexios públicos de educación primaria da cidade e os seus acompañantes maiores de idade.

Trinta e cinco entradas (35) serán distribuídas entre persoas afectadas por discapacidades psíquicas e menores residentes en centros de acollida e os seus acompañantes maiores de idade.

Dúascentas corenta e cinco entradas (245) serán repartidas entre persoas en situación de desemprego.

As vinte entradas (20) entradas restantes repartiranse entre voluntarios do Concello de Vigo que realizarán funcións de acompañamento, información, correcta ubicación dos asistentes e atención a boa orde da grada.

A distribución das entradas pola Administración municipal entre os escolares de educación primaria realizarase por turno entre os distintos colexios públicos do termo municipal, previo informe da FOANPAS (Federación Olívica de Asociacións de Nais e Pais de Alumnos de Vigo e Comarca), entre os escolares que o soliciten dos distintos colexios públicos. O reparto entre os distintos colexios públicos o será en proporción ao número de alumnos matriculados. Cando nun concreto colexio o número de escolares solicitantes sexa inferior ao número de entradas que lle

correspondan polo número de alumnos matriculados, as entradas non distribuídas se asignarán aos colexios que se atopen en situación inversa. Esta asignación farase en proporción ao número de alumnos matriculados nos mesmos. Cando nun concreto colexio exista maior número de alumnos solicitantes que entradas disponibles, a distribución farase por sorteo. O sorteo fixará a prelación dos alumnos a efectos de obter entrada. Os alumnos que queden privados de entrada no sorteo terán dereito a recibir, pola súa orde de prelación, as entradas non distribuídas noutros colexios.

A distribución de entradas entre as persoas afectadas por discapacidades psíquicas e menores residentes en centros de acollida e os seus acompañantes maiores de idade farase a petición das asociacións máis representativas destes colectivos entre as persoas afectadas por algunha discapacidade e menores acollidos que as ditas asociacións propoñan, acreditando a identidade do beneficiario, a discapacidade que padece e a situación de acollemento do menor. O reparto seguirá os criterios de rotación, proporcionalidade e sorteo sinalados en relación cos escolares de educación primaria.

Canto as persoas en situación de desemprego, a distribución das entradas farase a cada unha destas por orden de solicitude presencial no departamento municipal de Conserjería, acreditando tal condición.

Cando a demanda de cada un dos concretos colectivos beneficiarios da subvención sexa menor da proposta contemplada nesta cláusula, as entradas non entregadas serán repartidas entre os outros colectivos desta convocatoria con maior demanda.

NOVENA.- PLAZO.

A Administración municipal, ao luns seguinte ao fin de semana no que se dispute un partido de fútbol no estadio de Balaídos, iniciará as actuacións conducentes a determinar os colexios públicos entre os que se distribuirán as entradas e os alumnos entre os que se repartirán estas, conforme aos criterios de adxudicación sinalados na base oitava, a cuxo fin solicitarase informe da FOANPAS.

No mesmo día iniciaranse as actuacións necesarias para determinar as persoas con discapacidade psíquica e os menores acollidos en centros de acollida aos que se repartirán as entradas, solicitando ao efectos coa antelación suficiente informe das asociacións representativas dos ditos colectivos.

As persoas en situación de desemprego, poderán solicitar a entrada a partir do martes de semana na que se xogue o partido no estadio de Balaídos. A distribución das entradas farase a cada unha destas por orden de solicitude presencial no departamento municipal de Conserjería, acreditando tal condición.

DÉCIMA.- DOCUMENTACIÓN.

Os solicitantes de entrada gratuíta ao estadio ou, no seu caso, os seus representantes deberán acreditar, segundo corresponda, a condición de escolar de educación primaria do colexio a que por turno corresponda o reparto de entrada, a discapacidade padecida, a residencia en centro de acollida de menores e no seu caso para os parados a condición de desempregado.

Os maiores acompañantes e os desempregados deberán asinar declaración responsable de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e para coa Seguridade Social, de acordo co modelo que lle será facilitado polo Concello de Vigo.

DÉCIMO PRIMEIRA.- PUBLICIDAD.

Publicidade da convocatoria e das bases reguladoras da concesión das axudas.- A presente convocatoria coas bases reguladoras da concesión das axudas será publicada no Botetín Oficial da Provincia de Pontevedra, así como na páxina web www.vigo.org, unha vez aprobada pola Xunta de Goberno Local.

DÉCIMO SEGUNDA.- ÓRGANOS COMPETENTES PARA LA INSTRUCCIÓN DO PROCEDIMENTO PARA A ADQUISICIÓN E DISTRIBUCIÓN DAS ENTRADAS.

A Concellería de Deportes será la encargada da instrucción do procedimientto para a adquisición e distribución das entradas entre os posibles beneficiarios e realizará de oficio, para cada partido a disputar no estadio de Balaídos, cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtud dos cales deban distribuírse aquelas. Realizadas as actuacións pertinentes para a determinación dos beneficiarios das entradas nos prazos sinalados na base novena, o Concelleiro delegado de deportes resolverá a entrega das entradas en favor dos beneficiarios que no procedemento se determinen.

DÉCIMO TERCEIRA.- COMPROBACIÓN DAS SUBVENCÍONS.

A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que da subvención será comprobada pola Concellería Delegada de Deportes, cuxo Xefe de Servicio recabará informe do Real Club Celta de Vigo, SAD en relación cos devanditos extremos e emitirá informe ao respecto facendo constar todas aquelas circunstancias relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

DÉCIMO CUARTA.- OBLIGACIÓN DE INFORMACIÓN.

Os beneficiarios deberán facilitar toda a información que lles sexa requerida pola Administración municipal en relación coa actividade subvencionada e a utilización da entrada entregada.

DÉCIMO QUINTA.- REINTEGRO DE LAS SUBVENCIONES. RÉGIMEN DE INFRACCIONES Y SANCIONES.

Reintegro de las subvenciones.

Procederá el reintegro do prezo da entrada recibida e a exigencia dos xuros de mora correspondientes desde o momento da entrega da entrada ata a data en que se acorde a procedencia do reintegro, nos seguintes casos:

- a) Obtención da entrada falseando as condicións requeridas ou ocultando aquelas que o impedirán.*
- b) Transmisión gratuita ou onerosa da entrada recibida.*
- c) Resistencia, excusa, obstrucción ou negativa ás actuacións municipais de comprobación e control.*

Infracciones y Sanciones.

As infraccións e sancións en que poderán incurrir os beneficiarios desta axuda serán, no que resulte procedente, habida conta as particularidades da presente acción de fomento, as previstas no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A cesión gratuita da entrada será considerada como infracción grave e, amais do reintegro do precio, será sancionada con multa pecuniaria do tanto ao dobre do prezo de venda ao público da entrada para a Grada de Gol no concreto partido de que se trate.

A cesión por prezo da entrada gratuitamente recibida será considerada como infracción moi grave e, amais do reintegro do prezo da entrada, será sancionada con multa do triplo do prezo de venda ao público da entrada para a Grada de Gol no concreto partido de que se trate.

O procedemento para a apreciación das mesmas e imposición das sancións procedentes será o establecido no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.

DÉCIMO SEXTA.- TRATAMIENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSONAL.

Os datos persoais das solicitantes e, no seu caso, os dos seus representantes serán incorporados aos ficheiros municipais. A finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión das subvencións, obxecto das presentes bases reguladoras e convocatoria, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia e demais normativa de aplicación, en orde á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os devanditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e na Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e Real decreto 1720/2007, de desenvolvemento da LOPD. O responsable do seu tratamento será o Concello de Vigo, como administración concedente da subvención.

En todo caso, o Concello de Vigo non aplicará ou utilizará con outra finalidade os datos, nin tampouco os comunicará en ningún caso a outras persoas ou entidades, agás excepcións legais ou por mandato do titular da información.

O Concello de Vigo comprométese a cumprir e facer cumprir o deber de segredo profesional e de confidencialidade que abarcará calquera información ou dato que puidese coñecer, con ocasión da xestión desta subvención, en especial aos de carácter persoal de acordo co establecido no artigo 10 da Lei orgánica de protección de datos de carácter persoal.

Os beneficiarios e, no seu caso, os seus representantes, poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Concello de Vigo, nos termos previstos na citada Lei 15/1999.

DÉCIMO SÉTIMA.- NORMATIVA DE APLICACIÓN.

A presente convocatoria rexerese, ademais de polas bases reguladoras que nela se conteñen, pola Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e polo Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento desta última norma, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real decreto 887/2006; as bases de execución dos orzamentos do Concello de Vigo, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

4(901)DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA CONCELLEIRA DE ECONOMÍA E FACENDA POLA QUE SE APROBA O PADRÓN DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES DO ANO 2014. EXPTE. 40354/512.

Dáse conta da Decreto da concelleira de Economía e Facenda do 6.08.14, pola que resolve o seguinte:

PRIMEIRO.- APROBAR O PADRÓN DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES DO ANO 2014 por importe de 63.765.887,66 € (SESENTA E TRES MILLÓNS SETECENTOS SESENTA E CINCO MIL OITOCENTOS OITENTA E SETE EUROS CON SESENTA E SEIS CÉNTIMOS) que consta de 202.760 inscricións de BENS DE NATUREZA URBANA por importe de 61.534.065,79 € segundo relación que comeza por GONZALEZ GONZALEZ ENRIQUE e remata por AQUALIA Y FCC UTE VIGO e de 723 inscricións de BENS DE CARACTERÍSTICAS ESPECIAIS por importe de 2.231.821,87 € segundo relación comeza por AENA AEROPUERTOS SA. e remata por AQUALIA Y FCC UTE VIGO."

SEGUNDO.- Dar conta á XUNTA DE GOBERNO LOCAL do acordo anterior, de conformidade co citado artigo 63.2 da Ordenanza fiscal xeral.

TERCEIRO.- Proceder á exposición pública durante o prazo de 15 días, producindo esta exposición os efectos de notificación das liquidacións das cotas que figuran consignadas para cada un dos contribuíntes, podéndose interpoñer contra ditos actos recurso potestativo de reposición ante o órgano que aproba este acordo ou ben directamente recurso ante o Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo, no prazo dun mes a partir do día seguinte ó de finalización do período voluntario de pago.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

5(902)DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA CONCELLEIRA DE ECONOMÍA E FACENDA POLA QUE SE PROBA O PADRÓN DO IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS. EXPTE. 46674/516.

Dáse conta da Decreto da concelleira de Economía e Facenda do 6.08.14, pola que resolve o seguinte:

PRIMEIRO.- APROBAR O PADRÓN DO IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS do Municipio de Vigo para o ano 2014 por importe total 12.716.749,74 € dos que 11.386.976,49 € corresponden á cota municipal e 1.329.773,25 € ao recargo provincial, que contén 3.888 inscricións, comezando por "A CASTELO SL" e rematando por "ZUNIVAL SL".

SEGUNDO.- Dar conta á XUNTA DE GOBERNO LOCAL do acordo anterior, de conformidade co citado artigo 63.2 . da Ordenanza fiscal xeral.

TERCEIRO.- Proceder á exposición pública durante o prazo de 15 días, producindo esta exposición os efectos de notificación das liquidacións das cotas que figuran consignadas para cada un dos contribuíntes, podéndose interpoñer contra ditos actos recurso potestativo de reposición ante o órgano que aproba este acordo ou ben directamente recurso ante o Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo, no prazo dun mes a partir do día seguinte ao de finalización do período voluntario de pago.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

6(903)PROXECTO PARA A “MELLORA E RENOVACIÓN DE EQUIPAMENTOS DE PISTAS DEPORTIVAS EN PARQUES PÚBLICOS”. EXPTE. 7637/446.

Visto o informe de fiscalización do 12.08.14, conformado polo interventor xeral, dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Parque e Xardíns, do 8.08.14, conformado polo concelleiro de Parques e Xardíns, que di o seguinte:

ANTECEDENTES:

Con data 28 de abril de 2014, o Pleno Municipal aprobou a corrección de erros materiais e aritméticos, na modificación de créditos orzamentarios, número 01/2014, que se financia con cargo ao superávit orzamentario obtido da liquidación dos estados consolidados correspondentes ao exercicio do 2.012. expediente nº: 2288/440, e entre outros aspectos as inversións previstas no ámbito da citada modificación de créditos, atópanse suxeitas a rigorosidade do principio de que tales investimentos deben cumprir co principio de “investimentos que sexan financieramente sustentables ao longo da súa vida útil.

Dacordo co estipulado na Orde EHA/3565/2008, as actuacións contempladas neste proxecto responden os criterios definidos para “inversións reais”, xa que as mesmas correspóndense con gastos destinados maioritariamente a actuacións de creación e mellora das condicións de uso de Pistas Deportivas na cidade.

O concello de Vigo ven desenrolando unha serie de iniciativas para a rehabilitación e mellora das condicións de uso das infraestructuras en espazos públicos da cidade. As actuacións de inversións previstas no proxecto abarcan os arranxos de pavimento, limpeza e acondicionamento dos mesmos, incorporación e substitución de peches protectores con tela de nylon sustentados con fustes de chapa de aceiro galvanizado, peches en pistas de petanca, pintado de lineas nas pistas deportivas, pintado de gradas, colocación de carteis, arranxos diversos mediante traballos de xardinería. rehabilitación e mellora nas pistas deportivas de titularidade municipal.

O presente proxecto prevee desenrolar actuacións en 11 zonas deportivas xa existentes a fin de favorecer, mellorar e fomentar o desenvolvemento de actividades deportivas para o que foron concebidas pero que a causa do uso, o paso do tempo e o deterioro en xeral das instalacións fan que actualmente se atopen infrautilizadas.

Estas obras supoñen sen ningunha dubida un incremento da capacidade, rendemento, eficiencia da funcionalidade inherente as necesidades básicas das infraestructuras, o tempo que se conseguira unha ampliación da súa vida útil, polo cal teñen unha clara identificación con actuación de “investimentos reais”.

En relación a obriga que se establece no apartado 2º da D.A. 16ª do TRLRFL de que a obra proxectada, debe ter unha vida util non inferior a cinco anos, esta condición cúmprese en relación as actuacións previstas no presente proxecto, xa que as mesmas son actuacións realizadas a través da utilización de elementos construtivos con unha vida útil en todos os casos maior do limite establecido, entendendo por vida útil a previsión do tempo durante o cal é susceptible de ser utilizada a zona sobre a que se actuará, nas condicións de calidade requiridas.

En relación a obriga que se establece no apartado 6º da D.A. 16ª do TRLRFL de que a obra proxectada, cumpra cos obxectivos de que a mesma non sexa xeradora de gastos futuros no horizonte da súa vida útil, esta condición cúmprese en relación as actuacións previstas no presente proxecto, xa que as mesmas son actuacións que xustificarán un impacto favorable sobre os orzamentos futuros, xa que neste caso, son investimentos de reposición que van a deferir no tempo, a necesidade de recursos para o seu funcionamento operativo ou de mantemento ordinario, por supor este investimento unha posta ao día do ámbito de actuación, en consecuencia, a actuación definida neste expediente está conformada como un instrumento xerador de aforro, e, en ningún caso, xerará gastos por enriba dos actuais, xa que durante a vida útil dos mesmos (maior de cinco anos) se producirá un equilibrio e redución real dos gastos de mantemento, xa que as actuacións que actualmente se realizan sobre os mesmos, se verán diferidas no tempo.

PROXECTO:

En relación os antecedentes mencionados, o expediente de modificación de créditos orzamentarios, número 01/2014, que se financia con cargo ao superávit orzamentario obtido da liquidación dos estados consolidados correspondentes ao exercicio do 2012. expediente nº: 2288/440, contempla a actuación incluída neste expediente de acordo cos seguintes datos:

Aplicación	Proxecto	concepto	Importe
1710.6190013	14171013	Melloras e renovación e equipamentos pistas polideportivas en Parques Públicos	220.000,00

A empresa VILAR MONTORO INGENIERÍA S L P presenta o proxecto de "MELLORA E RENOVACIÓN E EQUIPAMENTOS DE PISTAS POLIDEPORTIVAS EN PARQUES PÚBLICOS", e proxecto redactado polo ENXEÑEIRO TÉCNICO DE OBRAS PÚBLICAS D. LUÍS VILAR MONTORO e dirixido polo ENXEÑEIRO TÉCNICO AGRÍCOLA GILBERTO MOLDES CRESPO, cun orzamento base de licitación máis IVE de DOUSCENTOS VINTE MIL EUROS (220.000,00 EUROS)

DESCRIPCIÓN DAS OBRAS:

"MELLORA E RENOVACIÓN E EQUIPAMENTOS DE PISTAS POLIDEPORTIVAS EN PARQUES PÚBLICOS"

No presente proxecto levaranse a cabo diversas actuacións consistentes na formación dun pavimento amortiguador axeitado aos xogos deportivos, o pintado da liñas de xogo necesarias para as diferentes disciplinas así como a instalación de equipamentos deportivos e peche dos recintos.

Estas obras supoñen sen ningunha dúbida un incremento da capacidade, rendemento, eficiencia da funcionalidade inherente as necesidades básicas dos servizos públicos que prestan as zonas deportivas alongando deste xeito a súa vida útil.

O prazo máximo estimado para a execución das obras descritas é de CATRO MESES.

Polo que á vista do anteriormente exposto, e tendo en conta o informe do Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos de data 23 de xullo de 2014, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

1.- Aprobar o proxecto redactado pola empresa VILAR MONTORO INGENIERÍA SLP. para a "MELLORA E RENOVACIÓN DE EQUIPAMENTOS DE PISTAS DEPORTIVAS EN PARQUES PÚBLICOS" cun orzamento base de licitación de 220.000,00 EUROS (IVE engadido) e un prazo máximo de execución de catro meses.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(904)EXECUCIÓN SUBSIDIARIA CON INCAUTACIÓN DE GARANTÍA DEFINITIVA POR FALTA DE SUBSANACIÓN DAS DEFICIENCIAS DETECTADAS NAS OBRAS DE INSTALACIÓN DA REDE SEPARATIVA DE PLUVIAIS, RENOVACIÓN DAS REDES DE ABASTECIMENTO E SANEAMENTO E MELLORA DA EFICIENCIA LUMÍNICA NA RÚA TOMÁS A. ALONSO. EXPTE. 2586/443.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Xestión da Área de Fomento, do 7.08.14, conformado polo xefe e o concelleiro delegado de dita Área e fiscalizado de conformidade polo interventor xeral, con data 13.08.14, que di o seguinte:

Antecedentes

I.- Mediante acordo da Xunta de Goberno Local de 19 de maio de 2010, se adjudicou a obra denominada "instalación da rede separativa de pluviais, renovación das redes de abastecemento, saneamento e mellora da eficiencia lumínica da rúa Tomás A. Alonso (curva de San Gregorio)" á mercantil "Sercoysa Proyectos y Obras, S.A.", por un prezo total de 1.148.405,89 euros IVE incluído e coa prestación adicional, entre outras, de incremento do prazo de garantía en 48 meses respecto do prazo de 12 meses fixado no prego de cláusulas administrativas particulares, co que o prazo total de garantía é de 60 meses.

II.- O contrato se formalizou con data 28 de maio de 2010. Consta que, para responder do cumprimento deste contrato, o contratista constituíu na Tesourería do Concello garantía definitiva por importe de 49.500,25 euros, segundo mandamento de ingreso nº 201000028146, de data 30 de abril de 2010.

III.- A acta de comprobación do replanteo asinouse o día 15 de xuño de 2010.

IV.- O 23 de decembro de 2010 tivo lugar a recepción das obras, a partir desta data comeza a computarse o prazo de 60 meses de garantía, que polo tanto está a discorrer.

V.- *Tras unha inspección in situ, o 24 de marzo de 2014 o Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos e Inspección de Obras, director facultativo da obra, emite informe no que se constatan detalladamente as deficiencias observadas nas obras como consecuencia dunha mala execución, con valoración do custo dos traballos a realizar para subsanar as referidas deficiencias, que ascende a un orzamento de execución material de 54.414,65 euros.*

VI.- *O 6 de xuño de 2014, a Xunta de Goberno Local adopta o pertinente acordo consonte a proposta de resolución do 02/06/14 do Xefe da Área de Fomento e do Asesor Xurídico da Área, no que se require ao contratista para que proceda a execución das obras de arranxo das deficiencias surxidas, co apercibimento da execución subsidiaria polo Concello a súa costa se os traballos non foran iniciados no prazo máximo de dúas semanas ou rematados no prazo máximo de sete semanas dende o seu inicio, para o que se incautará a garantía definitiva ata donde alcance e sen prexuízo de esixirille o pago da cantidade restante por vía de constrinximento. Este acordo foi notificado á mercantil o 19 de xuño de 2014, polo que o prazo para o inicio dos traballos finalizaba o 03/07/2014.*

Este acordo tamén se puxo en coñecemento da entidade avalista, Banco Popular Español S.A. (acuse de recibo o 24/06/2014).

VII.- *Con data 7 de xullo de 2014, transcorrido o prazo concedido para o inicio dos traballos de arranxo, se emite novo informe polo Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos e Inspección de Obras no que fai constar que, xirada visita de inspección o 04/07/2014, os traballos de reparación de deficiencias non se tiñan iniciado.*

VIII.- *En data 14 de xullo de 2014, o Concelleiro delegado da Área de Fomento resolve iniciar procedemento de execución subsidiaria dos traballos necesarios para o arranxo das deficiencias detectadas nas obras de referencia, con incautación de garantía definitiva constituída polo contratista para responder da correcta execución do contrato, outorgando ao contratista e a entidade avalista trámite de audiencia a fin de que poidan alegar e presentar cantos documentos e xustificacións estimen pertinentes.*

O 21 de xullo de 2014 e 22 de xullo de 2014, a entidade avalista e o contratista, respectivamente, reciben a notificación da resolución adoptada, conferíndolle o citado trámite de audiencia polo prazo de dez días hábiles a contar dende o día seguinte ao da recepción da notificación.

IX.- *Durante o trámite concedido, non consta a presentación de alegación, documento ou xustificación algunha polo contratista nin pola entidade avalista.*

Fundamentos xurídicos

Primeiro.- A lexislación aplicable, en virtude do disposto na disposición transitoria primeira do Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, é a seguinte:

- Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (en adiante, LCSP).*
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que desenvolve parcialmente a LCSP.*
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.*
- Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (en adiante, LRXAP-PAC).*
- Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recaudación.*
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.*

- Real Decreto 161/1997, de 7 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento da Caixa Xeral de Depósitos.

Segundo.- Como afirma a xurisprudencia, a normativa en materia contractual (arts. 205, 213, 218 e 219 LCSP) distingue tres períodos perfectamente diferenciados na responsabilidade dos contratistas: o primeiro se iniciará coa recepción da obra, momento no que se produce a entrega da mesma á Administración e comeza o período de garantía, no que o contratista responde dos defectos de construción, quedando igualmente obrigado a efectuar as labores de conservación e policía, asumindo a Administración os demais riscos, salvo por vicios ocultos; o segundo comeza cando se extingue o prazo de garantía e se refire exclusivamente aos “vicios ocultos por incumprimento do contrato por parte do contratista”, isto é, a aqueles cuxa existencia non se puido delatar nese período anterior, precisamente porque non tiñan unha manifestación externa e, ademais, determinan a ruína do construído; o terceiro e último é o que se inicia a partir dos 15 anos desde a recepción, no cal o contratista non ten ningunha responsabilidade.

O caso que nos ocupa, segundo os informes técnicos que obran no expediente, tivo lugar no prazo de 60 meses de garantía a contar dende a recepción das obras por esta Administración, por canto a recepción das obras tivo lugar o 23 de decembro de 2010 e as deficiencias detectadas foron comunicadas ao contratista o 19 de xuño de 2014 para o seu arranxo, ao obedecer a unha mala execución das obras.

O artigo 167 do RD 1098/2001 dispón que durante o prazo de garantía coidará o contratista en todo caso da conservación e policía das obras con arranxo ao previsto nos pregos e ás instrucións que dea o director da obra. Si se descoidase a conservación e dese lugar a que peligre a obra se executará pola Administración e a costa do contratista os traballos necesarios para evitar o dano. No mesmo senso, a cláusula 7.5.2 do prego de prescricións técnicas e a cláusula 33 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexen o contrato.

Terceiro.- En canto á incautación da garantía definitiva, o artigo 88 LCSP enumera os conceptos dos que responden as garantías definitivas: entre outros, da correcta execución das prestacións contempladas no contrato e dos danos e prexuízos orixinados á Administración con motivo da execución do contrato ou polo seu incumprimento, cando non proceda a súa resolución.

O artigo 85 LCSP permite que persoas ou entidades distintas do contratista presten garantías a favor de éste, de forma que estes terceiros non poderán utilizar o beneficio de excusión a que se refiren os arts. 1830 e concordantes do Código Civil. Esta previsión é para os supostos de constitución da garantía mediante aval ou seguro de caución, aclarando o art. 85.2 LCSP que, nestes dous casos, o avalista ou asegurador será considerado parte interesada nos procedementos que afecten á garantía prestada, nos termos previstos na Lei 30/1992.

O artigo 89 LCSP recolle unha prerrogativa da Administración contratante, de modo que para facer efectiva a garantía definitiva, terá preferencia sobre calquer outro acreedor, independentemente da súa natureza e do título que ostente.

Nos casos nos que a garantía non sexa suficiente para cubrir as responsabilidades ás que está afecta, a Administración procederá ao cobro da diferenza mediante o procedemento administrativo de constrinximento.

O aval se configura como unha obrigaón accesoria doutra principal, cuxo cumprimento garante. En canto a extensión da garantía definitiva, o Informe 36/99, de 12 de novembro de 1999, da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa sinala que “... A la más elemental noción del derecho responde la idea de que las garantías en general, los avales en particular,

responden exclusivamente del cumplimiento de la obligación garantizada y no del resto de las obligaciones del deudor garantizado, pues si bien este último responde con todos sus bienes presentes y futuros del cumplimiento de sus obligaciones (art. 1911 Cc.) la responsabilidad del garantista o avalista se limita a la obligación que se garantiza, en este caso la correcta ejecución del contrato de limpieza viaria como inequívocamente se desprende de la regulación de la fianza en el Cc. y de la propia Ley de Contratos de las Administraciones Públicas, cuyo art. 44 al enumerar los conceptos de los que responden las garantías definitivas (penalidades, obligaciones, gastos y daños y perjuicios derivados del incumplimiento del contrato e incautación en casos de resolución) y liga lógicamente tales conceptos al incumplimiento del contratista y, además, frente a la Administración y no frente a terceros". En consecuencia, o aval a executar deberá destinarse na súa totalidade ao cumprimento da obrigaón principal, debendo proceder á devolución da contía sobrante si é que a houbera, logo da execución subsidiaria.

Cuarto.- O artigo 63 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, establece que a Caixa Xeral de Depósitos, ou a caixa ou establecemento equivalente da Comunidade Autónoma ou Entidade Local -neste último caso, a Tesourería Municipal-, executará as garantías a instancia do órgano de contratación de acordo cos procedementos establecidos na súa normativa reguladora.

Quinto.- Á vista dos feitos e as consideracións xurídicas expostas se pode concluir que:

a) Dentro do prazo de garantía se detectaron deficiencias nas obras, consecuencia dunha mala execución das mesmas (básicamente na zona de calzada con síntomas de gretamentos e afundimentos no aglomerado asfáltico). O Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos e Inspección de Obras do Concello, director facultativo da obra, elaborou un orzamento económico valorando os custos de execución dos traballos de arranxo, que ascende a un orzamento de execución material de 54.414,65 euros.

b) Se dirixiu requerimento ao contratista para que procedera a debida reparación das deficiencias detectadas, co apercibimento de que si os traballos de arranxo das deficiencias non se iniciaban no prazo de dúas semanas ou non se remataban no prazo de sete semanas dende o seu inicio, o Concello procedería a execución subsidiaria con incautación da garantía aportada no seu momento e afectada ao bo fin da obra; constando que o contratista non atendeu ao requirimento.

c) Segundo o artigo 95 da LRXAP-PAC, o Concello pode proceder, tralo apercibimento, á execución forzosa das obras de arranxo, mediante algún dos medios que o artigo 96 do mesmo corpo legal prevé, e que para o asunto que nos ocupa, respectando o principio de proporcionalidade, se propón que sexa o de execución subsidiaria con cargo a garantía definitiva outorgada mediante aval bancario.

d) Dado que o contratista non iniciou os traballos de reparación das deficiencias no prazo concedido, iniciouse o procedemento de execución subsidiaria con incautación da garantía definitiva das obras, outorgando un prazo de audiencia de dez días ao contratista e ao avalista, sen que conste a presentación de alegacións por ningún deles.

e) Para executar subsidiariamente os traballos de arranxo das deficiencias detectadas, o Concello o pode facer polos seus propios medios ou a través das persoas que determine segundo permite o artigo 98 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, en cuxo caso se tramitará o procedemento administrativo contractual que esixa o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público 3/2011, de 14 de novembro.

Sexto.- O órgano competente para resolver o presente procedemento é a Xunta de Goberno Local, como órgano de contratación.

Polo exposto, PROPONSE A XUNTA DE GOBERNO LOCAL A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

Primeiro.- Incautar a garantía definitiva constituída por Sercocysa Proyectos y Obras, S.A. para responder do correcto cumprimento do contrato de obras de “instalación da rede separativa de pluviais, renovación das redes de abastecemento, saneamento e mellora da eficiencia lumínica da rúa Tomás A. Alonso (curva de San Gregorio)”, a consecuencia do incumprimento de obrigacións contractuais consistente na non subsanación das deficiencias derivadas da mala execución das obras detectadas durante o prazo de garantía requirida por acordo da Xunta de Goberno Local do 6 de xuño de 2014. Dita garantía foi prestada mediante o seguinte aval bancario:

- Aval prestado o 30 de abril de 2010 de BANCO POPULAR ESPAÑOL, S.A. sucursal de Pontevedra con CIF A-28.000.727 avalando a SERCOYSA PROYECTOS Y OBRAS, S.A. con CIF A-36.319.622, para responder do cumprimento do contrato ante o CONCELLO DE VIGO por importe de corenta e nove mil cincocentos euros con vintecinco céntimos (49.500,25 euros); inscrito no Rexistro Especial de Avais co número 8907/00750.

Se incautará o importe total do aval (49.500,25 euros), polos gastos nos que esta Administración ten que incorrer para executar subsidiariamente os traballos de arranxo necesarios, cuxo desglose é o contido na memoria presupostada redactada polo Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos e Inspección de Obras adxunta ao informe emitido polo mesmo o 24/03/2014.

A tal efecto, dar traslado da presente resolución a Tesourería municipal.

Destinar, unha vez que sexa efectiva, a referida cantidade ao arranxo das deficiencias detectadas nas obras.

Segundo.- Executar subsidiariamente, con cargo ao importe da garantía definitiva incautada constituída por Sercocysa Proyectos y Obras, S.A. mediante aval bancario, os traballos necesarios para o arranxo das deficiencias detectadas nas devanditas obras.

No caso de que a garantía non fose suficiente para cubrir os gastos, se procederá ao cobro da diferenza ao adxudicatario, en defecto de pago voluntario, mediante o procedemento administrativo de constrinximento.

A tal efecto da execución subsidiaria, unha vez efectuados os trámites de incautación pola Tesourería municipal e feito efectivo o seu importe, o comunicará ao servizo xestor do presente expediente.

Terceiro.- Notificar ao contratista e a entidade avalista a presente resolución, informándolle de que contra ela cabe interpoñer alternativamente recurso potestativo de reposición ante o órgano que a ditou no prazo dun mes dende o día seguinte á recepción da notificación do dito acordo, ou directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(905) PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN PARA A MODIFICACION DO PROXECTO DAS OBRAS “MELLORA DA ACCESIBILIDADE PEONIL ENTRE A PORTA DO SOL E ABELEIRA MENÉNDEZ. FASE I”. EXPTE. 2686/443.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe da Área de Fomento, do 13.08.14, conformado polo concelleiro delegado de dita Área, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, en sesión extraordinaria e urxente, de data 18 de outubro de 2013 aprobou o proxecto de “MELLORA DA ACCESIBILIDADE PEONIL ENTRE A PORTA DO SOL E ABELEIRA MENÉNDEZ. FASE I”.

Con data 6 de novembro de 2013, a Xunta de Goberno Local aprobou o prego de Cláusulas Administrativas e Técnicas para a contratación por procedemento aberto e tramitación urxente das obras de “MELLORA DA ACCESIBILIDADE PEONIL ENTRE A PORTA DO SOL E ABELEIRA MENÉNDEZ. FASE I” así como a convocatoria de licitación.

Con data 27 de decembro de 2013, a Xunta de Goberno Local acorda a adxudicación da obra á mercantil CIVISGLOBAL, SL. Por un prezo total de CATROCENTOS DOUS MIL CATROCENTOS NOVENTA E UN EUROS CON NOVENTA E OITO CÉNTIMOS (402.491,98 €), IVE incluído. Expediente 2126/440.

Fírmase o Acta de Comprobación de Replanteo o día 14 de xaneiro de 2014, suspendéndose temporalmente o comezo das obras por estar pendente de aprobación pola Administración contratante o Plan de Seguridade e Saúde presentado polo adxudicatario.

Superada a causa que impediu o inicio da obra, redáctase un anexo ao Acta de Comprobación de Replanteo autorizándose o comezo das obras o 22 de abril de 2014, con un prazo de execución contractual de 5 meses.

Na actualidade a obra atópase en execución.

Tralo replanteo, en obra comprobacións in situ e análise de cada unha das instalacións contempladas no proxecto dedúcese o seguinte:

1. Resulta innecesaria a instalación dun cadro de mando de alumeadado debido a que actualmente existe a infraestrutura suficiente para dar servizo á nova instalación.

2. É necesaria a colocación dun cadro de medida non contemplado no proxecto, de menores dimensións, que complementa as instalacións existentes.

3. Posteriormente á adxudicación do contrato de obra aprobouse o orzamento municipal que contempla partida para cubrición das escaleiras mecánicas da rúa Segunda República, polo que xorde a necesidade de modificar lixeiramente as características dos elementos de protección previstos e as redes de servizos proxectadas, de modo que se adapten á nova infraestrutura que se vai executar, evitando a posterior demolición de elementos recién construídos.

En esencia, as variacións con respecto ao proxecto aprobado, que motivan esta proposta, resúmense na introdución de alteracións de medición das unidades que realmente se van a executar e na supresión doutras innecesarias que, cos mesmos fins, serán substituídas por unidades similares.

Todo iso non provocará variación do presuposto económico aprobado, manténdose íntegramente o seu importe de adxudicación por 402.491,98 € IVE incluído, quedando xustificando o total da inversión económica.

Por todo o anteriormente exposto, e tendo en conta o informe da Dirección Facultativa de data 8 de xuño, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte.

PROPOSTA:

- 1.- *Autorización para o inicio do expediente de modificación do proxecto das obras de “MELLORA DA ACCESIBILIDADE PEONIL ENTRE A PORTA DO SOL E ABELEIRA MENÉNDEZ. FASE 1”, que recolla as modificacións necesarias para levar a cabo a obra, sen variación do presuposto económico aprobado.*
- 2.- *Autorizar a moratoria ao prazo de execución da obra, polo período de tempo que transcurra ata a aprobación do citado proxecto.*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(906)EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A SUBMINISTRACIÓN DE COMBUSTIBLES PARA A FLOTA DE VEHÍCULOS MUNICIPAIS XESTIONADOS POLO SERVIZO DO PARQUE MÓBIL MUNICIPAL. EXPTE. 10403/445.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de data 3.07.14, o informe de fiscalización do 6.08.14, e de acordo co informe-proposta da xefa da Área de Fomento, do 1.08.14, conformado polo concelleiro-delegado de dita Área e a concelleira delegada da Área de Economía e Facenda, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO: Aprobar o expediente de contratación polo procedemento aberto e tramitación ordinaria para a contratación do subministro de combustibles á flota de vehículos municipal dependentes do Concello de Vigo.

SEGUNDO: Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares para o subministro de combustibles á flota de vehículos municipais dependentes do Concello de Vigo, redactado polo xefe de Área de Fomento e asinado con data 25 de abril de 2014.

TERCEIRO: Aprobar o Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do subministro de combustibles á flota de vehículos municipais dependentes do Concello de Vigo, redactado pola Xefa do Servizo de Contratación e asinado con data 30 de xullo de 2014

CUARTO: Autorizar o gasto po un importe máximo 877.560,00 euros, sinalándose como partida independente o importe do IVE a soportar pola Administración (152.303,80 euros), con cargo a partida 9222.221.03.00 “combustibles e carburantes”, coa seguinte distribución por anualidades:

Anualidades	Importe	Ive (21%)	Total
2014	52.231,40 €.	10.968,60 €.	63.200,00 €.
2015	362.628,10 €.	76.151,90 €.	438.780,00 €.
2016	310.396,69 €.	65.183,31 €.	375.580,00 €.
Total	725.256,20 €.	152.303,80 €.	877.560,00 €.

QUINTO: Abrir o procedemento licitatorio para selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

10(907) PROXECTO DE CONVENIO PARA A EXTINCIÓN DO CONTRATO DE ARRENDAMENTO DO LOCAL MUNICIPAL DA RUA ELDUAYEN Nº 11 E PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS E TÉCNICAS PARA A CONCESIÓN ADMINISTRATIVA DE USO PRIVATIVO DO LOCAL MUNICIPAL DA PRAZA DE ARGUELLES S/N. EXPTE. 19699/240.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 7.08.14, o informe de fiscalización do 13.08.14, e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Patrimonio, do 23.07.14, conformado pola concelleira delegada de dito Servizo, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Prestar aprobación ó texto do Convenio a asinar entre o Concello de Vigo e D. Jaime Cendón Acuña para a extinción do contrato de arrendamento do local municipal sito no nº 11 da rúa Elduayen que figura como anexo I.

3º.- Aprobar inicialmente o Prego de cláusulas administrativas que rexerá a concesión administrativa do uso privativo do local municipal da praza de Arguelles s/n desta cidade de Vigo, consonte ó texto que figura no anexo II.

4º.- Someter á información pública polo prazo e procedemento regulamentario o prego de cláusulas administrativas aprobados.

A N E X O I

=====

“CONVENIO PARA A EXTINCIÓN DO CONTRATO DE ARRENDAMENTO DO LOCAL MUNICIPAL SITO NO Nº 11 DA RUA ELDUAYEN DESTA CIUDADE.

Na cidade de Vigo a.....

REUNIDOS

Dunha parte, D^a M^a Carmen Silva Rego, Concelleira Delegada de Patrimonio do Excmo Concello de Vigo, actuando en representación do mesmo, e no exercicio das súas atribucións.

E doutra, D. Jaime Cendón Acuña, maior de idade, con DNI nº 35.969.271, actuando no seu propio nome e na condición de arrendatario do local adicado á actividade de relojería sito na rúa Elduayen nº 11 de Vigo.

As partes intervenientes recoñécense reciprocamente capacidade legal suficiente para o outorgamento do presente convenio.

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- O Excmo. Concello de Vigo é dono da seguinte finca urbana: local comercial sito no nº 11 da Rúa Elduayen nesta cidade de Vigo, de natureza patrimonial, inscrita no epígrafe 1 do Inventario Municipal de Bens e Dereitos co nº de propiedade 198.

Na actualidade atópase ocupado por D. Jaime Cendón Acuña, en réxime arrendaticio, adquirido por traspaso formalizado en escritura pública de data 9 de xuño de 1981, e adicado á actividade de relojería.

Así mesmo o Concello é dono da finca urbana: local sito na Praza de Arguelles s/n nesta cidade de Vigo, de natureza demanial, inscrita no epígrafe 1 do Inventario Municipal de Bens e Dereitos co nº de propiedade 92.

Na actualidade o local atópase pechado e sen actividade ó ter desistido do mesmo o Servicio de Benestar Social.

SEGUNDO.- A Xunta de Goberno Local o 6 de xuño do 2014 aprobou o Proxecto de Obras de mellora e reposición de espazos públicos no Casco Vello, no ámbito de Praza da Princesa e Praza Arguelles incluíndo os espazos soterrados entre a rúa Abeleira Menéndez e Praza Arguelles.

O proxecto ten por obxeto acadar unha mellora das infraestructuras do ámbito (pavimento, canalizacións, alumeados, etc); a recuperación do seu entorno actuando sobre as escaleiras, paramentos, barandillas, etc; e intervir sobre os espazos existentes baixo os viais e prazas, co obxectivo de acadar un mellor encaixe dos mesmos na escena urbana.

Coa execución das obras previstas no proxecto, vense afectados os locais municipais citados ó contemplarse a eliminación do local da rúa Elduayen e a reforma do de Arguelles.

TERCEIRO.- Polos servizos técnicos municipais levouse a cabo a valoración dos dereitos de arrendamento que se extinguiro coa execución das obras, fixando en 14.312,29 € o valor total da indemnización polos danos e prexuízos causados, e a substitución no pago desa indemnización co traslado da actividade ó local municipal da Praza de Arguelles, e un prazo de cesión de 5 anos.

CUARTO.- Considerando o interese xeral na realización do citado Proxecto de Obras e as consecuencias que se derivan para os locais afectados, o supoñer o derribo do local municipal e conseguinte extinción dos dereitos arrendaticios existentes, faise necesario fixar os termos e condicións nos que se fara efectiva dita extinción, conciliando tanto o interese público como os dereitos dos particulares, e en base a isto, lévase a efecto polo presente documento de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- As partes asinantes acordan declarar extinguido o contrato de arrendamento do local de propiedade municipal sito na rúa Elduayen nº 11 desta cidade de Vigo a partir da data de

notificación, polo Concello de Vigo ó arrendatario, do inicio das obras de execución do Proxecto de Obras de mellora e reposición de espazos públicos no Casco Vello, no ámbito de Praza da Princesa e Praza Arguelles incluíndo os espazos soterrados entre a rúa Abeleira Menendez e Praza Arguelles, xunto coa orde de desaloxo e posta a disposición municipal do local.

SEGUNDA.- Fíxase na cuantía de 14.312,29 € o valor total da indemnización a percibir polo arrendatario en concepto de danos e prexuízos causados pola extinción do dereito de arrendamento.

TERCEIRA.- O Concello de Vigo cederá ó arrendatario, en substitución ó abono da indemnización acordada e polo seu valor, o uso do local municipal nº 2 sito na Praza de Arguelles (de acordo co plano e memoria que figura anexa), en réxime de concesión administrativa, polo prazo de 5 anos, e nos termos dispostos na normativa reguladora do Patrimonio das Administracións Públicas.

Será de conta do Concello os gastos de adecuación do local e traslado da actividade, entregándose totalmente acabado, con solo de pavimento cerámico, carpintería exterior (de acordo co entorno), tomas no interior de auga e electricidade, acabados de paramentos verticais a base de enfoscados e pintura e teitos a base de falso teito de escaiola, prevéndose similar acabado para o teito e solo do aseo e nos paramentos verticais a base de alicatado (cantidades incluídas na indemnización fixada).

CUARTO.- De terse extinguido o contrato e non formalizada dita cesión á data do 31.12.2014, o Concello aboará ó arrendatario a indemnización fixada na cláusula segunda, xunto cos correspondentes intereses de demora calculados consonte o interese legal do diñeiro fixado pola Lei de Presupostos Xerais do Estado para o ano en curso, e polo prazo que medie dende a data da extinción do contrato de arrendamento ata o momento no que se faga efectivo o pago.

QUINTO.- O arrendatario comprométese ó desaloxo do local e posta a disposición do Concello, no prazo dunha semana dende a data da extinción do contrato arrendaticio. O incumprimento de dito prazo determinará a obriga de indemnizar ó Concello co importe dunha mensuralidade calculada sobre o canon anual (2.862,46 €) estimado na cesión do novo local, indemnización que se reiterará por cada semana de retraso e ata o total cumprimento deste.

SEXTO.- O presente convenio entrará en vigor e producirá efectos dende o día seguinte ó da súa sinatura, quedando resolto automaticamente de non terse iniciada a execución das obras proxectadas o 31.12.2014.

E en proba de conformidade co acordado, as partes intervenientes asinan o presente convenio por triplicado no lugar e data indicados ó comenzo.”

PLANO E MEMORIA DO LOCAL Nº 2 PRAZA ARGUELLES.


=====

Local 2, cunha superficie útil de 20,30m², composto de dúas dependencias un espazo para usos varios, e un aseo adaptado, estimando o valor do local en 31.365,00 €uros e dispon dos seguintes lindes:

Norte: Subida a Praza de Arguelles.
Sur: Plaza Arguelles (en cota superior)
Leste: Subida Praza de Arguelles
Oeste: Local nº 1

Proponse que o local se entregue totalmente acabado, con solo de pavimento cerámico, carpintería exterior, de acordo co entorno, tomas no interior de cada local de auga e electricidade, acabados de paramentos verticais a base de enfoscados e pintura e teitos a base de falso teito de escayola. No aseo prevese o seu acabado solo e teito similar ó resto do local e en paramentos verticais a base de alicatado.

Adxuntase plano.



ANEXO II

=====

CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS E TÉCNICAS QUE REXERÁ A CONCESIÓN ADMINISTRATIVA POLO EXCMO. CONCELLO DE VIGO DO USO PRIVATIVO DO LOCAL MUNICIPAL DA PRAZA DE ARGUELLES S/N DESTA CIDADE DE VIGO.

CLÁUSULA I.- OBXECTO.

1.- O presente prego ten por obxecto o establecemento das condicións administrativas particulares que rexerán a concesión administrativa para ó uso privativo do local municipal sito na praza

de Arguelles s/n con destino exclusivo á actividade comercial de venda de produtos de reloxe-ría.

2.-De conformidade co disposto no art. 93.1 da Lei 33/2003 do Patrimonio das Administracións Públicas, e o 133.4 do RD 1372/86 do Regulamento de Bens das Entidades Locais, a concesión administrativa outorgase mediante adxudicación directa a favor de D. Jaime Cendón Acuña.

CLÁUSULA II.- NATUREZA DA CONCESIÓN.

A natureza da relación que vinculará o concesionario co Concello, será a propia da concesión administrativa de dominio público, e comprenderá o uso privativo do solo do dominio público de titularidade municipal, conforme o previsto no artigo 78 e seguintes do Real Decreto 1372/86, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais.

CLÁUSULA III.- LOCAL OBXETO DE CONCESIÓN.

Ten por obxeto a concesión do uso privativo, do local municipal nº 2 sito no subsolo da Praza de Arguelles s/n, reflectido no plano de deslinde achegado ao presente prego, e coas seguintes características técnicas:

Local 2, cunha superficie útil de 20,30m², composto de dúas dependencias un espazo para usos varios, e un aseo adaptado, e dispon dos seguintes lindes:

Norte: Subida a Praza de Arguelles.
Sur: Plaza Arguelles (en cota superior)
Leste: Subida Praza de Arguelles
Oeste: Local nº 1

CLÁUSULA IV.- DURACIÓN DA CONCESIÓN.

1. A concesión outórgase por un prazo de cinco anos non prorrogable.
2. O cómputo do prazo iniciarase o día seguinte á data na que se formalice en documento administrativo o outorgamento da concesión administrativa.

CLÁUSULA V.- VALOR LOCAL E INSTALACIÓNS.

Estímase o valor do local en 31.365 €, e as obras de reforma e acondicionamento para a actividade comercial en 3.100 €, resultando unha cantidade total de 34.465 € .

CLAUSULA VI.- GARANTÍAS.

A garantía definitiva será dun 3% do valor do dominio público ocupado e do presuposto de obra da instalación, debendo constituírse por calquera dos medios legalmente establecidos, na Tesourería Xeral deste Excmo. Concello no prazo máximo de quince días a contar dende o seguinte á notificación do acordo da Xunta de Goberno Local de adxudicación da concesión administrativa.

CLÁUSULA VII.-CANON DA CONCESIÓN.

Fíxase en 2.862,46 € anuais, estando exento de ingreso durante o prazo concesional ó resultar compensados no seu importe coa indemnización fixada pola extinción dos dereitos arrendaticios do local municipal na Rúa Elduayen nº 11, a que ten dereito o concesionario.

CLÁUSULA VIII.- PAGAMENTO DE GASTOS E TRIBUTOS.

O concesionario estará obrigado ó pagamento do importe dos anuncios preceptivos do sometemento a información pública do prego de condicións, dos gastos rexistrals, notariais e administrativos que se orixinen no outorgamento e inscrición da concesión, e de cantos outros gastos, gravames ou tributos de calquera clase se deriven, con motivo dos trámites preparatorios e formalizadores do contrato subseguinte.

CLÁUSULA IX.- EXPOSICIÓN Ó PÚBLICO DO PREGO DE CONDICIÓNS.

Aprobado provisionalmente pola Xunta de Goberno Local o Prego de condicións administrativas que rexerán a concesión administrativa de dominio público, expoñerase ó público durante trinta días hábiles, a efectos de reclamacións ou suxestións polas persoas interesadas, a partir da inserción do edicto no Boletín Oficial da Provincia, que se presentarán no Rexistro Xeral do Concello en idéntico prazo, ou por calquera dos procedementos previstos na Lei de Procedemento Administrativo Común.

CLÁUSULA X.- DEBERES E FACULTADES DO CONCESIONARIO.

1 Ademais das obrigas que resulten da normativa legal e regu lamentaria aplicábel, serán obrigas do concesionario as seguintes:

- a) *Exercer por sí a concesión e non cedela ou traspasala a terceiros salvo nas condicións establecidas no presente prego e previa autorización do Concello.*
- b) *Realizar as obras de reforma e adaptación do local, así como as instalacións e equipamentos que precise para a posta en funcionamento e desenvolvemento da actividade.*
- c) *Manter o seu cargo, en bo estado de conservación e limpeza o local, efectuando as obras de reparación, conservación, mantemento, reposición ou substitución que sexan necesarias ó efecto, e cumprindo estrictamente as disposicións de indole hixiénico-sanitarias.*

As obras de adaptación, reparación e mellora que se executen, serán por conta exclusiva da concesionaria, requirindo a presentación previa dunha memoria ou proxecto e a súa aprobación polo Concello, sen prexuízo das demais autorizacións ou licenzas que sexan preceptivas. En todos os casos, os gastos investidos quedarán en beneficio do inmóbel sen dereito ningún ao seu reembolso por esta administración.

- d) *Permiti-lo acceso ás dependencias e instalacións da concesión, á autoridade e funcionarios municipais en orde á inspección e control desta.*
- e) *Responder dos danos ou perdas que poidan ocasionarse á terceiros ou ó propio inmóbel durante todo o prazo da concesión, debendo suscribir unha póliza de aseguramento a todo risco do edificio, de perdas ou danos materiais, polo importe alomenos de 34.465 €, e na que figure como beneficiaria o Concello de Vigo, acreditando a súa contratación antes do inicio da actividade, e posteriormente con periodicidade anual, a súa renovación e vixencia.*
- f) *Satisface-los tributos estatais, autonómicos e locais que lle corresponda pola concesión administrativa da que é titular.*

- g) *O cumprimento das súas obrigas de carácter social e laboral respecto do persoal que contrate pola súa conta para o desenvolvemento normal da actividade, poidendo a Administración municipal esixir en calquera momento proba documental de estar ó corrente no pagamento das cotas da Seguridade Social correspondente ó seu persoal.*
- h) *Non hipoteca-la concesión administrativa.*
- i) *Aboa-los gastos de teléfono, enerxía eléctrica, gas, administración de auga, e calquera outro de natureza semellante.*
- j) *Dispoñer follas de reclamación e listas de prezos a disposición do público usuario.*
- k) *A entrega do local, xunto coas melloras e instalacións fixas, ao remate, por calquera causa, da concesión administrativa.*

2. *O concesionario terá dereito a:*

- a) *Posta a disposición polo Concello do inmovible municipal, e á súa ocupación privativa para o desenvolvemento da actividade, durante o prazo concesional e consonte o disposto no presente prego.*
- b) *Efectuar, ó seu cargo, obras de mellora, división interior e reforma no local e instalacións, que fagan aconsellables para súa mellor funcionalidade e aproveitamento, e redunde en beneficio da actividade comercial.*

Requiríndose a presentación de memoria explicativa e planos descritivos da obra a realizar, e a previa autorización do Concello.

- c) *Transmiti-la concesión a terceiras persoas cumprindo as condicións previstas na cláusula XII.*

CLAUSULA XI.- FACULTADES DA ADMINISTRACIÓN:

O Concello ostentará, sen prexuízo das que legalmente ou regulamentariamente procedan, as seguintes facultades:

- a) *Vixia-las obras e instalacións que se efectuen no inmovible, e comprobar o seu estado de conservación e limpeza, e isto sen prexuízo das facultades inspectoras doutros organismos públicos.*
- b) *Sanciónar ó concesionario pola comisión de infraccións, conforme o previsto e tipificado no presente prego.*
- c) *Esixir ó concesionario, no prazo que se fixe no escrito de requirimento, a adopción de medidas, ou a realización de obras e reparacións, que resulten necesarias para a correcta conservación e mantemento do inmovible, das súas instalacións e dependencias.*
- d) *A de interpreta-lo contrato, resolve-las dúbidas que ofrezca o seu cumprimento, modificalo por razóns de interese público, acorda-la súa resolución e determina-los seus efectos.*

- e) *O rescate da concesión antes do seu vencemento, por circunstancias sobrevidas de interese público ou por esixencias do planeamento vixente.*
- f) *Calquera outros dereitos e facultades que correspondan á Administración en relación co contido da concesión administrativa.*

CLAUSULA XII.-CESIÓN DO DEREITO DA CONCESIÓN.

O concesionario poderá ceder os seus dereitos concesionais unicamente ó seu conxuge, de acordo e nos termos previstos na Lei de Contratos das Administracións Públicas.

CLÁUSULA XIII.- RÉXIME DISCIPLINARIO: INFRACCIÓNS, SANCIÓN E PROCEDIMENTO SANCIONADOR.

A. INFRACCIÓNS:

Os incumprimentos contractuais polo concesionario darán lugar á imposición de sancións administrativas e a estes efectos terán a consideración de:

a) Infraccións leves:

- *A produción de ruídos, gritos ou música que incumpran a ordenanza municipal de protección do medio contra a contaminación acústica producida pola emisión de ruídos e vibracións.*
- *A falta de ornato ou limpeza das instalación e da zona de influencia.*
- *O emprego de palabras ou acenos groseiros no seu trato cos usuarios ou viandantes.*

b) Infraccións graves:

- *A reincidencia por dúas veces en faltas leves.*
- *Non cumprir as obrigas de seguridade das instalacións e os seus elementos.*
- *A colocación de mercadorías e o exercicio da actividade fóra do recinto da instalación.*
- *O peche ou suspensión do exercicio da actividade por un prazo superior a 7 días consecutivos ou 10 alternos no prazo de 6 meses, agás que medie causa xustificada.*
- *A desobediencia ás ordes e instrucións municipais.*

c) Infraccións moi graves:

- *A reiteración por dúas veces de faltas graves.*
- *O incumprimento das obrigas fiscais e de Seguridade Social.*
- *A exposición e venda de produtos non autorizados.*
- *O peche ou suspensión do exercicio da actividade por un prazo superior a 10 días consecutivos ou 15 alternos no prazo de 6 meses, agás que medie causa xustificada.*

- *As modificacións da instalación que revistan carácter esencial e non consten na autorización municipal previa para a realización das mesmas.*
- *Destinar o local á actividades distintas das autorizadas.*
- *A transmisión ou cesión da concesión sin autorización municipal.*

B. SANCIONES

1. *As infraccións previstas no apartado anterior serán sancionadas, previa instrucción do correspondente expediente, con multas de acordo coa seguinte escala:*
 - a) *Pola comisión de infracción leve: multa de ata 750 €.*
 - b) *Pola comisión de infracción grave: multa de 751 ata 1.500 €.*
 - c) *Pola comisión de infracción moi grave: multa de 1. 501 ata 3.000 €.*
2. *A contía das sancións económicas entenderanse automaticamente revisadas simultaneamente co canon en cada período en que este experimente alteración.*
3. *A comisión de infracción moi grave poderá tamén ser sancionada coa resolución da concesión.*
4. *A imposición de calquera das sancións previstas nos apartados anteriores será compatíbel coa esixencia ó infractor da reposición da situación alterada polo mesmo ó seu estado orixinario, así como coa indemnización polos danos e perdas causados, os cales serán determinados polo órgano sancionador, debendo fixarse na resolución correspondente á súa contía e o prazo que se determine para a súa satisfacción.*
5. *As sancións a aplicar fixaranse atendendo ós seguintes criterios de gradación:*
 - a) *O grado de culpabilidade do infractor.*
 - b) *A existencia de intencionalidade ou reiteración.*
 - c) *A relevancia dos prexuízos causados, atendendo ó seu valor económico ou á porción de dominio público que resulte afectada.*
 - d) *A reincidencia, por comisión no termo dun ano de máis dunha infracción das previstas nesta ordenanza, cando así fose declarado por resolución firme.*
 - e) *A reparación do dano voluntariamente antes de recaer a resolución que poña fin ó procedemento sancionador.*

C. PROCEDIMIENTO SANCIONADOR:

O incumprimento das normas establecidas no presente prego, orixinará a incoacción do correspondente expediente sancionador que se tramitará consonte o procedemento previsto na Lei 30/1992 de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Comun, e no regulamentado no RD 1398/1993, de 4 de agosto, Regulamento do Procedemento para o exercicio da Potestade Sancionadora.

I.- órgano competente para imposición das sancións.-

- 1. As sancións por infraccións leves ou graves imporanse polo Concelleiro delegado en materia de Patrimonio.*
- 2. As sancións por infraccións moi graves imporanse pola Xunta de Goberno Local .*

II.-prazo de prescripción das infraccións e sancións.-

- 1. As infraccións moi graves prescribirán ós tres anos, as graves ós dous anos e as leves ós seis meses*
- 2. As sancións impostas por faltas moi graves prescribirán ós tres anos, as impostas por faltas graves ós dous anos e as impostas por faltas leves ó ano.*
- 3. O prazo de prescripción das infraccións comenará a contarse dende o día no que a infracción se cometeu. Interrumpirá a prescripción a iniciación, con coñecemento do interesado, do procedemento sancionador reanudándose o prazo de prescripción se o expediente sancionador se paralizase máis dun mes por causa non imputábel ó presunto responsábel.*
- 4. O prazo de prescripción das sancións comenará a contarse dende o día o seguinte a aquel no que adquira firmeza a resolución pola que se impón a sanción. Interrumpirá a prescripción a iniciación, con coñecemento do interesado, do procedemento de execución, voltando a transcorrer o prazo se aquel está paralizado durante máis dun mes por causa non imputábel ó infractor.*

III.-Pagamento das sancións:

O importe das multas será aboado polo concesionario na Caixa do Concello, dentro do prazo de trinta días hábiles seguintes á notificación. Se transcorrese o prazo fixado sen que se aboase o importe da sanción, esixirase o pagamento por vía de apremio administrativo.

CLÁUSULA XIV.- RESOLUCIÓN DA CONCESIÓN.

Serán causa de resolución da concesión, sen prexuício das tipificadas como infraccións moi graves, as seguintes:

- a) A cesión, transferencia ou novación da titularidade da concesión, ou dos dereitos de xestión e explotación do local sin autorización municipal.*
- b) Allear ou gravar os bens o dereitos concesionais.*
- c) Destinar o local concedido, a instalacións ou usos distintos dos expresados neste prego.*
- d) O incumprimento reiterado ás ordes ou instrucións dictadas pola Administración, referente a conservación e mantemento das instalacións ou dominio público.*

CLÁUSULA XV.- RESCATE.

O Concello resérvase o dereito de deixar sen efecto a concesión antes do vencemento, se o xustificasen circunstancias de interese público, sen prexuízo da indemnización ó concesionario dos danos que se lle causasen.

CLÁUSULA XVI.- EXTINCIÓN DA CONCESIÓN.

A concesión extinguirase:

- a) Polo transcurso do prazo polo que foi outorgada.
- b) Incuprimento dos fins ou actividades para os que foi concedida.
- c) Incuprimento das condicións nas que foi outorgada a autorización.
- d) Por calquera das causas previstas no art. 100 da Lei 33/2003 do Patrimonio das Administracións Públicas.

CLÁUSULA XVII.- REVERSIÓN.

1.- Ó vencemento da concesión, e con independencia da causa que a motive, o concesionario vendra obrigado a cesar no uso e ocupación do inmovible e na explotación da actividade, debendo deixar a edificación á libre disposición do Concello, en perfecto estado de conservación, que revertiran gratuitamente e libre de cargas e gravames xunto coas súas melloiras e instalacións fixas, sen que o concesionario teña dereito a percepción de indemnización ou contraprestación ningunha.

2.- Da recepción polo Concello dos bens revertidos levantarase a correspondente acta en presenza do concesionario, se comparecese este a dito acto. Na acta reseñarase o estado de conservación dos bens revertidos, especificándose, de selo caso, as deficiencias ou deterioros que presenten, servindo a acta de base para instruír o correspondente expediente, no que se concretará o importe das reparacións necesarias, cuxo abono esixirásese ó concesionario, utilizando, se fose necesario, o procedemento de apremio administrativo.

3.- Estabelécese como prazo máximo para o desaloxo e entrega do local, o de quince días hábiles a contar dende a data de vencemento da concesión.

Se transcorrido dito prazo, o concesionario non procedera ó dexaloso e entrega dos bens, aboará ó Concello de Vigo, en concepto de indemnización, a cantidade de 300 euros por cada día de retraso no que incorra, e ata o total cumprimento da súa obriga. O Concello, sen prexuízo de dita indemnización, poderá exercitar as accións e facultades que o ordenamento xurídico lle recoñece na defensa e protección do seu patrimonio.

CLÁUSULA XVIII.- FORMALIZACION DA CONCESIÓN

A concesión formalizarase en documento administrativo ,nun prazo de 15 días dende a data da notificación do acordo ao solicitante, puidéndose elevar a documento notarial se calquera das partes o solicita, debendo neste caso seren de conta de quen o solicite os gastos que se deriven do outorgamento da escritura.

CLÁUSULA XIX.- GASTOS

O concesionario estará obrigado a pagar tódolos gastos dos anuncios, nos diarios oficiais, da información pública a que deba someterse o prego de condicións.

Así mesmo, deberá satisfacer tódolos impostos, contribucións e taxas que graven a concesión.


O importe máximo dos anuncios de información é de 750 euros.

CLÁUSULA XX.- TRIBUNAIAS COMPETENTES.

A prerrogativa de interpretar o contrato e resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento corresponde ó Concello de Vigo, e á xurisdicción contencioso-administrativa a competencia para coñecer as cuestións litixiosas que xurdan ou se deriven da aplicación destas condicións que conteña o contrato, ou en canto á interpretación, modificación ou resolución.

CLÁUSULA XXI.- RÉXIME XURÍDICO.

No non previsto no presente prego, estarase ó disposto na Lei de Bases de Réxime Local, Lei de Patrimonio das Administracións Públicas, Regulamento de Bens das Entidades Locais e demais disposicións de aplicación.



11(908) PREGO DE CONDICIÓN ADMINISTRATIVAS DS CONCESIÓN ADMINISTRATIVA PARA A OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO MUNICIPAL

COA INSTALACIÓNS DE QUIOSCOS DA ONCE PARA A VENDA DE PRODUTOS DE XOGO. 19648/240.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de data 9.07.14, o informe de fiscalización do 14.07.14, e de acordo co informe-proposta xefe do Servizo de Patrimonio, do 20.06.14, conformado pola concelleira-delegada de dito servizo, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar inicialmente o prego de condicións administrativas que rexeran a concesión administrativa para a ocupación de dominio público municipal coa instalación de quioscos da ONCE para a venda de produtos de xogo.”.

2º.- Someter a información pública polo prazo e procedemento regulamentario o prego de condicións administrativas aprobados”.

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS E TECNICAS QUE REXERÁ A CONCESIÓN ADMINISTRATIVA POLO EXCMO. CONCELLO DE VIGO DO USO PRIVATIVO DE BENS DE DOMINIO PÚBLICO, MEDIANTE A INSTALACIÓN DE QUIOSCOS DA ONCE.

CLÁUSULA I.- OBXECTO.

1.- O presente prego ten por obxecto o establecemento das condicións administrativas particulares que rexerán a concesión administrativa para o uso privativo de terreos de dominio público, mediante a instalación de quioscos na vía pública, con destino exclusivo á venda de produtos de xogo pola ONCE.

2.-De conformidade co disposto no art. 93.1 en relación o 137.4 da Lei 33/2003 do Patrimonio das Administracións Públicas, a concesión administrativa outorgarase mediante adxudicación directa a favor da Organización Nacional de Cegos de España (ONCE).

CLÁUSULA II.- NATUREZA DA CONCESIÓN.

A natureza da relación que vinculará ó concesionario co Concello, será a propia da concesión administrativa de dominio público, conforme ó previsto no artigo 78 e seguintes do Real Decreto 1372/86, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais.

A concesión, que non supón cesión de dominio público nin de facultades dominicais, comprenderá o uso privativo do solo do dominio público de titularidade municipal mediante a instalación de quioscos da ONCE.

CLÁUSULA III.- ZONA DE EMPLAZAMENTO E MODELO DOS QUIOSCOS.

1. Os quioscos situaranse nos seguintes lugares, debendo responder o seu modelo o sinalado para cada un deles na proposta presentada pola ONCE e que constan anexas a solicitude de autorización e informadas polo servizo municipal de Seguridade e Tráfico. :

QUIOSCOS DA ONCE EN VIGO

Nº	ENDEREZO	LOCALIDADE	MODELO
1	Gran Vía esq. C/Pizarro(Plaza)	Vigo	DUERO
2	C/Manuel Nuñez Plaza de Colón	Vigo	DUERO
3	Avd. Gregorio Espino 21	Vigo	MANZANARES/C
4	C/ Gran vía 74	Vigo	MANZANARES/C
5	C/ Manuel de Castro 4 .Esquina	Vigo	MANZANARES/C
6	C/ Gran Vía 174 esq. C/ Gerona	Vigo	MANZANARES/C
7	Avd. Camelias, 45	Vigo	MANZANARES/C
8	C/ Gran Vía 116	Vigo	MANZANARES/C
9	C/ Urzaiz 96	Vigo	MANZANARES/C
10	C/ Sanjurjo Badía, 190	Vigo	GUADALQUIVIR
11	C/ Pizarro, 69-73	Vigo	GUADALQUIVIR
13	C/ Travesía de Vigo, 107	Vigo	BILBAO/CT
14	C/ Travesía de Vigo, 42	Vigo	BILBAO/CT
15	C/ Travesía de Vigo, 137	Vigo	BILBAO/CT
16	Plaza de Independencia, 5	Vigo	BILBAO/CT
17	Alameda de Suárez Llanos (Bouzas)	Vigo	NERVIÓN
18	Avd. García Barbón, 36 (Bingo)	Vigo	BILBAO /CT
19	C/ Vía Norte esq. C/Urzáiz	Vigo	BILBAO/CT
20	C/ Gran vía, 16	Vigo	BILBAO
21	C/ Policarpo Sanz, 1 (Porta do Sol)	Vigo	DUERO
22	Plaza de Compostela (Pta. Correos)	Vigo	GUADALQUIVIR
23	Avd, Florida, 2 (Plaza de América)	Vigo	SEVILLA
24	Avd. Castrelos. Avda Fragoso	Vigo	ARAGÓN
25	C/ Camelias, 143	Vigo	ARAGÓN
26	C/ Gregorio Espino, 16	Vigo	SEVILLA
27	Plaza Eugenio Fadrique,10	Vigo	SEVILLA-M
28	C/ Urzáiz, 185 (Ref. Mercado)	Vigo	SEVILLA-M
29	Avda. Camellias, 84	Vigo	BILBAO/ 1.08
30	Plaza de America, 8	Vigo	SEVILLA /CT
31	Avd. Florida, 42	Vigo	BILBAO 1,08
32	Avd. Fragoso, 103	Vigo	SEVILLA-M
33	C/García Barbón, 48	Vigo	BILBAO- L
34	C/Gregorio Espino, 52	Vigo	SELLA
35	C/ Sanjurjo Badía, 212	Vigo	BILBAO-L

2. Pola Concellería de Seguridade e Tráfico fixarase na zona de emprazamento, no seu momento, ó lugar exacto onde situarase polo concesionario o quiosco.

3. O prazo para a instalación dos quioscos será de dous meses dende a data da formalización da concesión.

4. O Concello resérvase a facultade de variar o emprazamento das instalacións, con carácter temporal ou definitivo, se así o esixisen as necesidades de utilización do dominio público. Neste caso, o concesionario levantará ás súas expensas as instalacións do seu emprazamento orixinal e efectuará a nova instalación no emprazamento fixado por aquela, dentro do prazo dos 15 días seguintes ó requerimento feito pola administración municipal. De non cumprir o concesionario o requerimento no prazo sinalado, a Administración municipal levantará de oficio a instalación con cargo ó concesionario.

CLÁUSULA IV.- DURACIÓN DA CONCESIÓN.

3. A concesión outórgase por un prazo de cinco anos, con prórrogas automáticas dun ano cada unha ata un máximo de cinco, salvo denuncia expresa de calquera das partes, comunicada con una antelación mínima de tres meses á finalización do prazo inicial ou o da prórroga en curso.

4. O cómputo do prazo iniciarase ó día seguinte á data na que se formalice en documento administrativo o outorgamento da concesión administrativa.

CLÁUSULA V.- VALOR SOLO E INSTALACIÓNS.

Estímase o valor medio do dominio público ocupado e das instalacións obxecto de concesión, en 9.180 € / quiosco resultando nunha cantidade total de 321.300 € polo nº de quioscos a instalar (35).

CLAUSULA VI.- GARANTÍAS.

A garantía definitiva será dun 3% do valor do dominio público ocupado e do orzamento de obra da instalacións dos quioscos, debendo constituírse por calquera dos medios legalmente establecidos, na Tesourería Xeral deste Excmo. Concello no prazo máximo de quince días a contar dende o seguinte á notificación do acordo da Xunta de Goberno Local de adxudicación da concesión administrativa.

CLÁUSULA VII.-CANON DA CONCESIÓN.

O concesionario aboará a taxa que corresponda, dacordo co previsto na Ordenanza Fiscal reguladora das Taxas polo aproveitamento especial de terreos de dominio público local coa instalación de Quioscos.

CLÁUSULA VIII.- PAGAMENTO DE GASTOS E TRIBUTOS.

O concesionario estará obrigado ó pagamento do importe dos anuncios preceptivos do sometemento a información pública do prego de condicións, dos gastos rexistrados, notariais e administrativos que se orixinen no outorgamento e inscrición da concesión, e de cantos outros gastos, gravames ou tributos de calquera clase se deriven, con motivo dos trámites preparatorios e formalizadores do contrato subsequente.

CLÁUSULA IX.- EXPOSICIÓN Ó PÚBLICO DO PREGO DE CONDICIÓNS.

Aprobado provisionalmente pola Xunta de Goberno Local o Prego de condicións administrativas que rexerán a concesión administrativa de dominio público, exporase ó público durante trinta días hábiles, a efectos de reclamacións ou suxestións polas persoas interesadas, a partir da inserción do edicto no Boletín Oficial da Provincia, que se presentarán no Rexistro Xeral do Concello en idéntico prazo, ou por calquera dos procedementos previstos na Lei de Procedemento Administrativo Común.

CLÁUSULA X.- DEBERES E FACULTADES DO CONCESIONARIO.

A). Ademais das obrigas que resulten da normativa legal e regulamentaria aplicábel, serán obrigas do concesionario as seguintes:

- 1) Exercer por si mesmo a actividade que constitúe o obxecto da concesión.*
- 2) Adicar o quiosco, á venda dos produtos de xogo da ONCE, con exclusión de calquera outro uso ou produto.*
- 3) Non traspasar ou ceder a concesión.*
- 4) Instalar o quiosco con suxeición ó modelo, deseño, características, dimensións, materiais e emprazamento aprobado polo Concello en cada caso.*
- 5) Aceptar e asumir o coste do traslado dos quioscos a unha ubicación próxima, por razóns de interese público.*
- 6) Manter os quioscos en bo estado de conservación e funcionamento.*
- 7) Prestar o servizo de xeito adecuado, dotándoo dos medios persoais e materiais necesarios para atender o público de forma correcta.*
- 8) Cumprir as disposicións vixentes relativas á comercialización dos produtos de xogo da ONCE.*
- 9) Cumprir as obrigas de carácter laboral e de Seguridade Social respecto ó seu persoal, que dependerá exclusivamente do adxudicatario e non terá relación laboral, administrativa ou de ningunha outra clase co Concello.*
- 10) Satisfacer o canon no prazo previsto.*
- 11) Asumir os gastos de calquera clase derivados da explotación e funcionamento do negocio.*
- 12) Asumir integramente a responsabilidade de calquera orde, derivada da existencia e utilización e funcionamento do quiosco, indemnizando a terceiros ou ó propio Concello dos danos e perdas ocasionados.*
- 13) Cumprir en todo momento as ordes e indicacións dos servizos municipais competentes.*
- 14) Reposición do dominio público ó seu estado orixinal ó finalizar o prazo concesional ou no caso de resolución da concesión.*

B). Son facultades do concesionario:

- 1. A ocupación do dominio público outorgado para a instalación do quiosco.*
- 2. A xestión e explotación do quiosco e dos espazos publicitarios.*

3. *Cambiar o modelo do quiosco, previa autorización do concello.*
4. *Calquera outro legal ou regulamentariamente recoñecido ou que figuren con tal carácter no presente prego de cláusulas.*

CLÁUSULA XI.- FACULTADES DA ADMINISTRACIÓN MUNICIPAL CONCEDENTE.

- 1) *Permitir a ocupación do dominio público e outorgar a protección adecuada que resulte indispensábel para a instalación do quiosco e utilización do dominio público obxecto da concesión.*
- 2) *Inspeccionar as obras e instalacións da concesión con carácter permanente, permitindo o acceso ó persoal municipal para que o verifique. A Corporación Municipal a través dos servizos dela dependentes, poderá inspeccionar en todo momento o estado de conservación do quiosco e dos terreos concedidos e sinalar as reparacións que deban realizarse, quedando obrigado o concesionario a executalas no prazo que se lle sinale. Se o concesionario non realizase as obras de reparación no prazo establecido, sancionárase pola comisión dunha falta leve coa imposición de multa en grado máximo, concedéndolle un novo prazo de execución. O incumprimento do novo prazo sinalado, sancionárase como infracción grave coa imposición dunha multa en grado máximo. Se, non obstante a segunda sanción económica, o concesionario non executase as reparacións, procederáse a instruír expediente de caducidade da concesión.*
- 3) *O dereito a deixar sen efecto a concesión antes do seu vencemento, se o xustifican circunstancias de interese público, con indemnización o seu titular polo prexuízo material que se lle orixine, excepto cando o rescate estea baseado en motivos imputábeis ó concesionario, suposto no que non procederá o resarcimento de danos e indemnizacións de prexuízos de acordo co art. 80.10 do Regulamento de Bens das Corporacións Locais.*
- 4) *Calquera outra facultade prevista neste prego ou en virtude de disposición legal ou regulamentaria.*

CLÁUSULA XII.- RÉXIME DISCIPLINARIO: INFRACCIÓNS, SANCIÓN E PROCEDIMENTO SANCIONADOR.

D. INFRACCIÓNS:

Os incumprimentos contractuais polo concesionario darán lugar á imposición de sancións administrativas e a estes efectos terán a consideración de:

- d) *Infraccións leves:*
 - *A produción de ruídos, gritos ou música que incumpran a ordenanza municipal de protección do medio contra a contaminación acústica producida pola emisión de ruídos e vibracións.*
 - *A falta de ornato ou limpeza das instalación e da zona de influencia.*
 - *O emprego de palabras ou acenos groseiros no seu trato cos usuarios ou viandantes.*
- e) *Infraccións graves:*
 - *A reincidencia por dúas veces en faltas leves.*

- *Non cumprir as obrigas de seguridade das intalacións e os seus elementos.*
 - *A colocación de mercadorías e o exercicio da actividade fóra do recinto da instalación.*
 - *O peche ou suspensión do exercicio da actividade por un prazo superior a 7 días consecutivos ou 10 alternos no prazo de 6 meses, agás que medie causa xustificada.*
 - *A instalación do quiosco en lugar distinto ó autorizado, ou nun prazo superior ó previsto no prego de condicións.*
 - *O retraso no pagamento do canon por prazo superior a tres meses dende a data de remate do período voluntario fixado na ordenanza fiscal reguladora das taxas por aproveitamento local de terreos do dominio público local coa instalación de quioscos.*
 - *A desobediencia ás ordes e instrucións municipais.*
- f) *Infraccións moi graves:*
- *A reiteración por dúas veces de faltas graves.*
 - *O incumprimento das obrigas fiscais e de Seguridade Social.*
 - *A exposición e venda de produtos non autorizados.*
 - *O peche ou suspensión do exercicio da actividade por un prazo superior a 10 días consecutivos ou 15 alternos no prazo de 6 meses, agás que medie causa xustificada.*
 - *O non pagamento do canon da concesión ou o retraso no mesmo en máis de seis meses da data límite para o seu aboamento.*
 - *As modificacións da instalación que revistan carácter esencial e non conste a autorización municipal previa para a realización das mesmas.*
 - *Destinar o quiosco a actividades distintas das autorizadas.*
 - *O retraso en máis de tres meses do prazo fixado para a instalación do quiosco.*
 - *Ocupación de máis superficie da vía pública que a autorizada.*
 - *A instalación dun modelo de quiosco distinto do autorizado.*

E. SANCIONES

6. *As infraccións previstas no apartado anterior serán sancionadas, previa instrucción do correspondente expediente, con multas de acordo coa seguinte escala:*
- d) *Pola comisión de infracción leve: multa de ata 750 €.*
 - e) *Pola comisión de infracción grave: multa de 751 ata 1.500 €.*
 - f) *Pola comisión de infracción moi grave: multa de 1. 501 ata 3. 000 €.*

7. *A contía das sancións económicas entenderanse automaticamente revisadas simultaneamente co canón en cada período en que este experimente alteración.*
8. *A comisión de infracción moi grave poderá tamén ser sancionada coa resolución da concesión.*
9. *A imposición de calquera das sancións previstas nos apartados anteriores será compatíbel coa esixencia ó infractor da reposición da situación alterada polo mesmo ó seu estado orixinario, así como coa indemnización polos danos e perdas causados, os cales serán determinados polo órgano sancionador, debendo fixarse na resolución correspondente á súa contía e o prazo que se determine para a súa satisfacción.*
10. *As sancións a aplicar fixaranse atendendo os seguintes criterios de gradación:*
 - f) *O grado de culpabilidade do infractor.*
 - g) *A existencia de intencionalidade ou reiteración.*
 - h) *A relevancia dos prexuízos causados, atendendo ó seu valor económico ou á porción de dominio público que resulte afectada.*
 - i) *A reincidencia, por comisión no termo dun ano de máis dunha infracción das previstas nesta ordenanza, cando así fose declarado por resolución firme.*
 - j) *A reparación do dano voluntariamente antes de recaer a resolución que poña fin ó procedemento sancionador.*

F. PROCEDEMENTO SANCIONADOR:

O incumprimento das normas establecidas no presente prego, orixinará a incoacción do correspondente expediente sancionador que se tramitará consonte o procedemento previsto na Lei 30/1992 de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Comun, e no regulamentado no RD 1398/1993, de 4 de agosto, Regulamento do Procedemento para o exercicio da Potestade Sancionadora.

I.- órgano competente para imposición das sancións.-

3. *As sancións por infraccións leves ou graves imporanse polo Concelleiro delegado en materia de Patrimonio.*
4. *As sancións por infraccións moi graves imporanse pola Xunta de Goberno Local .*

II.-prazo de prescripción das infraccións e sancións.-

5. *As infraccións moi graves prescribirán ós tres anos, as graves ós dous anos e as leves ós seis meses*
6. *As sancións impostas por faltas moi graves prescribirán ós tres anos, as impostas por faltas graves ós dous anos e as impostas por faltas leves ó ano.*
7. *O prazo de prescripción das infraccións comenará a contarse dende o día no que a infracción se acometeu. Interrumpirá a prescripción a iniciación, con coñecemento do interesado, do procedemento sancionador, reanudándose o prazo de prescripción se o*

expediente sancionador se paralizase máis dun mes por causa non imputábel ó presunto responsábel.

8. *O prazo de prescripción das sancións comenará a contarse dende o día o seguinte a aquel no que adquira firmeza a resolución pola que se impón a sanción. Interrumpirá a prescripción a iniciación, con coñecemento do interesado, do procedemento de execución, voltando a transcorrer o prazo se aquel está paralizado durante máis dun mes por causa non imputábel ó infractor.*

III.-Pagamento das sancións:

O importe das multas será aboado polo concesionario na Caixa do Concello, dentro do prazo de trinta días hábiles seguintes á notificación. Se transcorrese o prazo fixado sen que se aboase o importe da sanción, esixirase o pagamento por vía de apremio administrativo.

CLÁUSULA XIII.- RESOLUCIÓN DA CONCESIÓN.

Seran causa de resolución da concesión, sen prexuício das tipificadas como infraccións moi graves, as seguintes:

- e) A cesión, transferencia ou novación da titularidade da concesión, ou dos dereitos de xestión e explotación do quiosco.*
- f) Allear ou gravar os bens o dereitos concesionais.*
- g) Destinar os terreos de dominio público concedidos, a instalacións ou usos distintos dos expresados neste prego.*
- h) O incumprimento reiterado das ordes ou instrucións dictadas pola Administración, referente a conservación e mantemento das instalacións ou dominio público.*
- i) A invasión do dominio público non outorgado na concesión ou o aumento de superficie ou volume respecto do modelo de quiosco que se aprobe.*

CLÁUSULA XIV.- RESCATE.

O Concello resérvase o dereito de deixar sen efecto a concesión antes do vencemento, se o xustificasen circunstancias de interese público, sen prexuízo da indemnización ó concesionario dos danos que se lle causasen.

CLÁUSULA XV.- EXTINCIÓN DA CONCESIÓN.

A concesión extinguirase:

- a) Polo transcurso do prazo máximo polo que foi outorgada, ou denuncia de calquera das prórrogas.*
- b) Incuprimento dos fins ou actividades para os que foi concedida.*
- c) Incumprimento das condicións nas que foi outorgada a autorización.*
- d) Por calquera das causas previstas no art. 100 da Lei 33/2003 do Patrimonio das Administracións Públicas.*

CLÁUSULA XVI.- REVERSIÓN.

1.- Ó vencemento da concesión, e con independencia da causa que a motive, o concesionario verá obrigado a cesar no uso e ocupación do dominio público, debendo proceder á retirada do quiosco e reposición do dominio público ocupado ao seu estado orixinal, revertindo este en perfecto estado de conservación.

2.- Da recepción polo Concello dos bens revertidos, levantarase a correspondente acta en presenza do concesionario, se comparecese este a dito acto. Na acta reseñárase o estado de conservación dos bens revertidos, especificándose, de selo caso, as deficiencias ou deterioros que presenten, servindo a acta de base para instruír o correspondente expediente, no que se concretará o importe das reparacións necesarias, cuíu abono esixirá ó concesionario, utilizando, se fose necesario, o procedemento de apremio administrativo.

3.- Estabélcese como prazo máximo para o desaloxo e entrega dos bens, o de quince días hábiles a contar dende a data de vencemento da concesión.

Se transcurrido dito prazo, o concesionario non procedera ó dexaloso e entrega dos bens, aboará ó Concello de Vigo, en concepto de indemnización, a cantidade de 300 euros por cada día de retraso no que incurra, e ata o total cumprimento da súa obriga. O Concello, sen perxuízo de dita indemnización, poderá exercer as accións e facultades que o ordenamento xurídico lle recoñece na defensa e protección do seu patrimonio.

CLÁUSULA XVII: FORMALIZACIÓN DA CONCESIÓN

A concesión formalizarase en documento administrativo, nun prazo de 15 días dende a data da notificación do acordo ao solicitante, puidéndose elevar a documento notarial se calquera das partes o solicita, debendo neste caso seren de conta de quen o solicite os gastos que se deriven do outorgamento da escritura.

CLÁUSULA XVIII.: GASTOS

O concesionario estará obrigado a pagar tódolos gastos dos anuncios, nos diarios oficiais, da información pública a que deba someterse o prego de condicións. Así mesmo, deberá satisfacer tódolos impostos, contribucións e taxas que graven a concesión. O importe máximo dos anuncios de información é de 750 euros.

CLÁUSULA XIX- TRIBUNAIS COMPETENTES.

A prerrogativa de interpretar o contrato e resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento corresponde ó Concello de Vigo, e á xurisdicción contencioso-administrativa a competencia para coñecer as cuestións litixiosas que xurdan ou se deriven da aplicación destas condicións que conteña o contrato, ou en canto á interpretación, modificación ou resolución.

CLÁUSULA XX- RÉXIME XURÍDICO.

No non previsto no presente prego, estarase ó disposto na Lei de Bases de Réxime Local, Lei de Patrimonio das Administracións Públicas, Regulamento de Bens das Entidades Locais e demais disposicións de aplicación.

12(909) SEGUNDA PRÓRROGA DO PRAZO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS DA 2ª FASE DE CONSTRUCIÓN DO CENTRO GALEGO DE FOTOGRAFÍA. EXPTE. 7376/307.

Visto o informe de fiscalización do 13.08.14, dáse conta do informe-proposta da xefa de Patrimonio Histórico, do 12.08.14, conformado polo concelleiro de Urbanismo, Cascos Históricos, Grandes Proxectos, Patrimonio e Economía e Facenda, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria de 13 de xuño de 2014, acordou “APROBAR A PRÓRROGA DE DOUS MESES DO PRAZO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS DA SEGUNDA FASE DE CONSTRUCIÓN DO CENTRO GALEGO DE FOTOGRAFÍA, segundo solicitude presentada pola empresa adxudicataria da obras, COPCISA, S.A., e a dirección facultativa, e informada favorablemente polos arquitectos municipais, supervisores técnicos de ditas obras”.

Con data 20 de xuño de 2014, o Concello de Vigo asina coa empresa COPCISA un novo contrato no que ésta “comprométese á prórroga de dous meses do prazo de execución das obras da segunda fase de construción do Centro Galego de Fotografía.

Con data 8 de agosto de 2014, a empresa COPCISA presenta no rexistro xeral do Concello de Vigo unha nova solicitude de ampliación de prazo para a finalización dos traballos, que conta co visto bo dos directores facultativos da obra, e que fixa a finalización dos traballos o vindeiro 8 de outubro de 2014.

Con data 12 de agosto de 2014, o arquitecto municipal, David Carvajal Rodríguez-Cadarso, nomeado supervisor técnico das obras por acordo da Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria e urxente de 7 de febreiro de 2014, emite un informe á vista desta segunda solicitude de ampliación do prazo presentada pola empresa, no que estima “ PROCEDENTE a ampliación de prazo solicitada de 50 días, co que a data prevista para o remate destas obras trasladaríase ó 8 de outubro de 2014”.

Neste informe sinálase que a circunstancia que provocou a aprobación da primeira prórroga estaba motivada na imposibilidade de acceso ao solar nº 12, da rúa Alta, pola presenza de entullos, que impedía executar as labores de revestimentos, solados, falsos teitos, acabados e instalación do ascensor, e dita dificultade non foi solventada pola propiedade do solar ata o 23 de xullo.

Así, con posterioridade a esta data, comprobouse “a existencia dun muro medianeiro situado entre as parcelas dos números 10 e 12 da rúa Alta, que sobresa e nunha lonxitude aproximada de un metro cara a parcela municipal e imposibilita a execución dos remates e traballos nos termos previstos”.

Esta situación imprevista “condiciona as solucións constructivas que se adopten a partir desate momento encaminadas a resolver-la impermeabilización do edificio”.

Deste xeito, e en virtude do recollido no artigo 100, do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, así como o artigo 213.2, do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, solicítase desa Xunta de Goberno Local, o seguinte:

APROBAR A SEGUNDA PRÓRROGA DO PRAZO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS DA SEGUNDA FASE DE CONSTRUCIÓN DO CENTRO GALEGO DE FOTOGRAFÍA, segundo solicitude presentada pola empresa adxudicataria da obras, COPCISA, S.A., con data 8 de

agosto de 2014, que conta co visto bo da dirección facultativa, e o informe favorable do arquitecto municipal, supervisor técnico de ditas obras, que fixa a data de remate das obras o 8 de outubro de 2014.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

13(910) EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE MELLORA E REPOSICIÓN DE ESPAZOS PÚBLICOS NO CASCO VELLO, NO ÁMBITO DA PRAZA DA PRINCESA E PRAZA DE ARGÜELLES, INCLUÍNDO OS ESPAZOS SOTERRADOS ENTRE A RÚA ABELEIRA MENÉNDEZ E PRAZA DE ARGÜELLES. EXPTE. 7279/307.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 8.08.14, o informe de fiscalización do 13.08.14, e de acordo co informe-proposta da xefa de Patrimonio Histórico, do 13.08.14, conformado polo concelleira de Urbanismo, Cascos Históricos, Grandes Proxectos e Patrimonio, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- Declarar a urxencia na tramitación do expediente de contratación das OBRAS DE MELLORA E REPOSICIÓN DE ESPAZOS PÚBLICOS NO CASCO VELLO, NO ÁMBITO DA PRAZA DA PRINCESA E PRAZA DE ARGÜELLES, INCLUÍNDO OS ESPAZOS SOTERRADOS ENTRE A RÚA ABELEIRA MENÉNDEZ E A PRAZA DE ARGÜELLES, ao amparo dos artigos 112 do TRLCSP a efectos de redución de prazos, e o artigo 144 do TRLCSP.

SEGUNDO.- Aprobar o expediente de contratación que contén o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e das Follas de Especificacións do Contrato, asinadas pola Xefa do Servizo de Contratación 04/08/2014 e que rexirán no contrato de OBRAS DE MELLORA E REPOSICIÓN DE ESPAZOS PÚBLICOS NO CASCO VELLO, NO ÁMBITO DA PRAZA DA PRINCESA E PRAZA DE ARGÜELLES, INCLUÍNDO OS ESPAZOS SOTERRADOS ENTRE A RÚA ABELEIRA MENÉNDEZ E A PRAZA DE ARGÜELLES .

TERCEIRO.- Autorizar o gasto para o presente exercicio por importe total de 348.426,99 euros, (IVE engadido do 21%) con cargo a partida orzamentaria 3360.6190010 do orzamento municipal vixente.

CUARTO.- Abrir o procedemento licitatorio para a selección do contratista por procedemento aberto.

14(911) NOMEAMENTO INTERINO POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS, DE DÚAS AUXILIARES DE ADMÓN. XERAL PARA O SERVIZO DE ESTATÍSTICA, POR UN PERÍODO DE SEIS MESES. EXPTE. 25518/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 8.08.14, e de acordo co informe-proposta do técnico de Organización e Planificación

de Recursos Humanos, do 7.08.14, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro delegado da Área de Xestión municipal, e o informe-complementario do antedito técnico de data 11.08.14, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Declara-la urxencia no nomeamento de dous/dúas funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas, como Auxiliares de administración xeral, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito periodo, xustificada nas necesidades do Servizo de Estatística, contidas no escrito de data 14 de xullo de 2014 e, en consecuencia, autoriza-lo gasto por importe de 21.495,24€, con cargo a partida orzamentaria 922.0.140.00.00, para facer fronte aos referidos nomeamentos.

Segundo.- Nomear como funcionarias interinas por acumulación de tarefas como auxiliares de administración xeral, por un periodo máximo de seis meses, á D^a. SUSANA VÁZQUEZ BARBOSA, DNI 34.965.732-M e a D^a. M^a. CRISTINA PÉREZ GONZÁLEZ, DNI 35.998.610-E, seguintes aspirantes que superaron tódolos exercicios nas derradeiras convocatorias para a provisión de prazas de Auxiliar/Administrativo/a de Administración Xeral, incluídas na Oferta de Emprego Público correspondente aos anos 2008 e 2010, de conformidade coas bases xerais das mesmas.

Terceiro.- Dispoñer que o nomeamentos indicado realizárase de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, rematando cando transcurran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto Cód. 138-Auxiliar, sendo adscrita ao Servizo de Estatística (cód. 234).

Cuarto.- Establecer que a xonada laboral da funcionaria nomeada desenvolverase preferentemente en xornada continuada de mañá –07,30 a 15,00 horas-. En calquera caso, contarase con dispoñibilidade horaria para traballar en quenda de tarde, si por requerimento do servizo fose necesario.

15(912) MEMORIA AVALIADA E ADXUDICACIÓN A AQUALIA DAS OBRAS DE RENOVACIÓN DE TUBERÍA DE ABASTECIMENTO NA RÚA FERRADURA-SAMPAIO. EXPTE. 2472/440.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 8.08.14, e de acordo co informe-proposta do xefe de Área de Fomento, do 6.08.14, conformado polo concelleiro de Área de Fomento, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO .- Aprobar a relación valorada para executa-las obras de “Renovación de tubería de abastecemento na Rúa Ferradura – Sampaio” por importe de 22.320,46 € (IVE excluído).

SEGUNDO.- Adxudicar as obras a empresa "Aqualia ", concesionaria do servizo municipal de abastecemento e saneamento, por un importe de 22.320,46 € (IVE excluído) e con cargo ao saldo da "Conta de Ingresos de Acometidas ás redes de abastecemento e saneamento municipais" que xestiona dita empresa como concesionaria do servizo.

16(913) PROPOSTA PARA ENCARGAR A AQUALIA-FCC A REDACCIÓN DO PROXECTO DE OBRAS "RENOVACIÓN DA REDE DE SANEAMENTO NA AVDA. ATLÁNTIDA, ENTRE O 30 E O 52". EXPTE. 2563/440.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Área de Fomento, do 8.08.14, que di o seguinte:

ANTECEDENTES:

A Xunta de Goberno Local, en sesión Extraordinaria e Urxente celebrada o día 21 de novembro de 2011, acordou declarar a prórroga da concesión administrativa da Xestión Integral do Servizo de Abastecemento e Saneamento de Augas, outorgada a favor da Entidade Concesionaria do Servizo, Aqualia-FCC Vigo UTE, por un período de 5 anos.

Na cláusula terceira do documento, establécese o compromiso por parte da entidade Concesionaria do servizo, de levar a cabo a financiación dun plan de investimentos según as contías e prazos que se sinalan no citado documento.

En data 08 de marzo de 2013, a Xunta de Goberno Local aproba o procedemento de control das obras de inversións da entidade concesionaria Aqualia.

Dentro deste procedemento, recollese no apartado III.a) -ACTOS ADMINISTRATIVOS A TRAVÉS DOS QUE SE EXERCERÁ O CONTROL DAS OBRAS DE INVERSIÓN DA ENTIDADE CONCESIONARIA AQUALIA, a necesidade de xustificación da conveniencia e idoneidade dos investimentos a levar a cabo.

Por todo o anteriormente exposto, e tendo en conta o informe do Enxeñeiro Municipal D. Jerónimo Centrón Castaños de data 7 de agosto de 2014 e a Orde de Servizo do concelleiro delegado de data 7 de agosto de 2014, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

1.- Encargar á empresa concesionaria da Xestión Integral do Servizo de Abastecemento e Saneamento de Auga, Aqualia-FCC a redacción do proxecto para a "RENOVACIÓN DA REDE DE SANEAMENTO NA AVDA. ATLÁNTIDA, ENTRE O 30 E O 52" considerado de urxencia e execución inaprazable.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

17(914) PROPOSTA PARA ENCARGAR A AQUALIA-FCC A REDACCIÓN DO PROXECTO DE OBRAS "RENOVACIÓN DAS REDES DE SANEAMENTO E ABASTECAMENTO NA RÚA TOMÁS ALONSO, FRONTE AO 188. EXPTE. 2564/440.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Área de Fomento, do 8.08.14, que di o seguinte:

ANTECEDENTES:

A Xunta de Goberno Local, en sesión Extraordinaria e Urgente celebrada o día 21 de novembro de 2011, acordou declarar a prórroga da concesión administrativa da Xestión Integral do Servizo de Abastecemento e Saneamento de Augas, outorgada a favor da Entidade Concesionaria do Servizo, Aqualia-FCC Vigo UTE, por un período de 5 anos.

Na cláusula terceira do documento, establécese o compromiso por parte da entidade Concesionaria do servizo, de levar a cabo a financiación dun plan de investimentos según as contías e prazos que se sinalan no citado documento.

En data 08 de marzo de 2013, a Xunta de Goberno Local aproba o procedemento de control das obras de inversións da entidade concesionaria Aqualia.

Dentro deste procedemento, recollese no apartado III.a) -ACTOS ADMINISTRATIVOS A TRAVÉS DOS QUE SE EXERCERÁ O CONTROL DAS OBRAS DE INVERSIÓN DA ENTIDADE CONCESIONARIA AQUALIA, a necesidade de xustificación da conveniencia e idoneidade dos investimentos a levar a cabo.

Por todo o anteriormente exposto, e tendo en conta o informe do Enxeñeiro Municipal D. Jerónimo Centrón Castaños de data 7 de agosto de 2014 e a Orde de Servizo do concelleiro delegado de data 7 de agosto de 2014, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

1.- Encargar á empresa concesionaria da Xestión Integral do Servizo de Abastecemento e Saneamento de Auga, Aqualia-FCC a redacción do proxecto para a “RENOVACIÓN DAS REDES DE SANEAMENTO E ABASTECIMIENTO NA RÚA TOMÁS ALONSO, FRONTE AO 188” considerado de urxencia e execución inaprazable.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

18(915) PROPOSTA PARA ENCARGAR A AQUALIA-FCC A REDACCIÓN DO PROXECTO DE OBRAS “ RENOVACIÓN DA REDE DE ABASTECIMIENTO NA RÚA BURGOS”. EXPTE. 2565/440.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Área de Fomento, do 8.08.14, que di o seguinte:

ANTECEDENTES:

A Xunta de Goberno Local, en sesión Extraordinaria e Urgente celebrada o día 21 de novembro de 2011, acordou declarar a prórroga da concesión administrativa da Xestión Integral do Servizo de Abastecemento e Saneamento de Augas, outorgada a favor da Entidade Concesionaria do Servizo, Aqualia-FCC Vigo UTE, por un período de 5 anos.

Na cláusula terceira do documento, establécese o compromiso por parte da entidade Concesionaria do servizo, de levar a cabo a financiación dun plan de investimentos según as contías e prazos que se sinalan no citado documento.

En data 08 de marzo de 2013, a Xunta de Goberno Local aproba o procedemento de control das obras de inversións da entidade concesionaria Aqualia.

Dentro deste procedemento, recollese no apartado III.a) -ACTOS ADMINISTRATIVOS A TRAVÉS DOS QUE SE EXERCERÁ O CONTROL DAS OBRAS DE INVERSIÓN DA ENTIDADE CONCESIONARIA AQUALIA, a necesidade de xustificación da conveniencia e idoneidade dos investimentos a levar a cabo.

Por todo o anteriormente exposto, e tendo en conta o informe do Enxeñeiro Municipal D. Jerónimo Centrón Castaños de data 7 de agosto de 2014 e a Orde de Servizo do concelleiro delegado de data 7 de agosto de 2014, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

1.- Encargar á empresa concesionaria da Xestión Integral do Servizo de Abastecemento e Saneamento de Auga, Aqualia-FCC a redacción do proxecto para a “RENOVACIÓN DA REDE DE ABASTECIMIENTO E SANEAMENTO NA RÚA BURGOS” considerado de urxencia e execución inaprazable.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

19(916) PROPOSTA PARA ENCARGAR A AQUALIA-FCC A REDACCIÓN DO PROXECTO DE OBRAS “RENOVACIÓN DAS REDES DE ABASTECIMIENTO E SANEAMENTO NA AVDA. GARCÍA BARBÓN”. EXPTE. 2566/440.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Área de Fomento, do 8.08.14, que di o seguinte:

ANTECEDENTES:

A Xunta de Goberno Local, en sesión Extraordinaria e Urxente celebrada o día 21 de novembro de 2011, acordou declarar a prórroga da concesión administrativa da Xestión Integral do Servizo de Abastecemento e Saneamento de Augas, outorgada a favor da Entidade Concesionaria do Servizo, Aqualia-FCC Vigo UTE, por un período de 5 anos.

Na cláusula terceira do documento, establécese o compromiso por parte da entidade Concesionaria do servizo, de levar a cabo a financiación dun plan de investimentos según as contías e prazos que se sinalan no citado documento.

En data 08 de marzo de 2013, a Xunta de Goberno Local aproba o procedemento de control das obras de inversións da entidade concesionaria Aqualia.

Dentro deste procedemento, recollese no apartado III.a) -ACTOS ADMINISTRATIVOS A TRAVÉS DOS QUE SE EXERCERÁ O CONTROL DAS OBRAS DE INVERSIÓN DA ENTIDADE CONCESIONARIA AQUALIA, a necesidade de xustificación da conveniencia e idoneidade dos investimentos a levar a cabo.

Por todo o anteriormente exposto, e tendo en conta o informe do Enxeñeiro Municipal D. Jerónimo Centrón Castaños de data 7 de agosto de 2014 e a Orde de Servizo do concelleiro delegado de data 7 de agosto de 2014, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

1.- Encargar á empresa concesionaria da Xestión Integral do Servizo de Abastecemento e Saneamento de Auga, Aqualia-FCC a redacción do proxecto para a "RENOVACIÓN DAS REDES DE ABASTECIMIENTO E SANEAMENTO NA AVDA. GARCÍA BARBÓN" considerado de urxencia e execución inaprazable.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

20(917) PROPOSTA PARA ENCARGAR A AQUALIA-FCC A REDACCIÓN DO PROXECTO DE OBRAS "RENOVACIÓN DA REDE DE SANEAMENTO NO CALEXÓN DOS CAÑOS". EXPTE. 2567/440.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Área de Fomento, do 8.08.14, que di o seguinte:

ANTECEDENTES:

A Xunta de Goberno Local, en sesión Extraordinaria e Urxente celebrada o día 21 de novembro de 2011, acordou declarar a prórroga da concesión administrativa da Xestión Integral do Servizo de Abastecemento e Saneamento de Augas, outorgada a favor da Entidade Concesionaria do Servizo, Aqualia-FCC Vigo UTE, por un período de 5 anos.

Na cláusula terceira do documento, establécese o compromiso por parte da entidade Concesionaria do servizo, de levar a cabo a financiación dun plan de investimentos según as contías e prazos que se sinalan no citado documento.

En data 08 de marzo de 2013, a Xunta de Goberno Local aproba o procedemento de control das obras de inversións da entidade concesionaria Aqualia.

Dentro deste procedemento, recollese no apartado III.a) -ACTOS ADMINISTRATIVOS A TRAVÉS DOS QUE SE EXERCERÁ O CONTROL DAS OBRAS DE INVERSIÓN DA ENTIDADE CONCESIONARIA AQUALIA, a necesidade de xustificación da conveniencia e idoneidade dos investimentos a levar a cabo.

Por todo o anteriormente exposto, e tendo en conta o informe do Enxeñeiro Municipal D. Jerónimo Centrón Castaños de data 7 de agosto de 2014 e a Orde de Servizo do concelleiro delegado de data 7 de agosto de 2014, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

1.- Encargar á empresa concesionaria da Xestión Integral do Servizo de Abastecemento e Saneamento de Auga, Aqualia-FCC a redacción do proxecto para a "RENOVACIÓN DA REDE DE SANEAMENTO NO CALEXÓN DOS CAÑOS" considerado de urxencia e execución inaprazable.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

21(918).- PROPOSTA PARA ENCARGAR A AQUALIA-FCC A REDACCIÓN DO PROXECTO DE OBRAS "RENOVACIÓN DA REDE DE SANEAMENTO NAS RÚAS MESTRE CHANÉ E MONTECELO ALTO". EXPTE. 2568/440.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Área de Fomento, do 8.08.14, que di o seguinte:

ANTECEDENTES:

A Xunta de Goberno Local, en sesión Extraordinaria e Urgente celebrada o día 21 de novembro de 2011, acordou declarar a prórroga da concesión administrativa da Xestión Integral do Servizo de Abastecemento e Saneamento de Augas, outorgada a favor da Entidade Concesionaria do Servizo, Aqualia-FCC Vigo UTE, por un período de 5 anos.

Na cláusula terceira do documento, establécese o compromiso por parte da entidade Concesionaria do servizo, de levar a cabo a financiación dun plan de investimentos según as contías e prazos que se sinalan no citado documento.

En data 08 de marzo de 2013, a Xunta de Goberno Local aproba o procedemento de control das obras de inversións da entidade concesionaria Aqualia.

Dentro deste procedemento, recollese no apartado III.a) -ACTOS ADMINISTRATIVOS A TRAVÉS DOS QUE SE EXERCERÁ O CONTROL DAS OBRAS DE INVERSIÓN DA ENTIDADE CONCESIONARIA AQUALIA, a necesidade de xustificación da conveniencia e idoneidade dos investimentos a levar a cabo.

Por todo o anteriormente exposto, e tendo en conta o informe do Enxeñeiro Municipal D. Jerónimo Centrón Castaños de data 7 de agosto de 2014 e a Orde de Servizo do concelleiro delegado de data 7 de agosto de 2014, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

1.- Encargar á empresa concesionaria da Xestión Integral do Servizo de Abastecemento e Saneamento de Auga, Aqualia-FCC a redacción do proxecto para a "RENOVACIÓN DA REDE DE SANEAMENTO NAS RÚAS MESTRE CHANÉ E MONTECELO ALTO" considerado de urxencia e execución inaprazable.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

22(919) DAR CONTA DA TRAMITACIÓN DO EXPEDIENTE "REFORZO DA REDE DE ABASTECIMENTO NA PARROQUIA DE VALADARES. ESTRADA DE VENDA." EXPTE. 2553/440.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Área de Fomento, do 7.08.14, conformado polo concelleiro de Área de Fomento, que di o seguinte:

A concesión administrativa da Xestión Integral do Servizo de Abastecemento e Saneamento de Augas, outorgada a favor da Entidade Concesionaria do Servizo, Aqualia-FCC Vigo UTE, según acordo da Xunta de Goberno Local de data 21 de novembro de 2011, establece na cláusula terceira do citado acordo, o compromiso por parte da entidade Concesionaria do servizo, de levar a cabo a financiación dun plan de investimentos según as contías e prazos que se sinalan no citado documento.

Así mesmo en sesión ordinaria de data 8 de marzo de 2013, a Xunta de Goberno Local acordou aprobar a ordeación do procedemento a seguir nas obras do Plan de Inversións de Aqualia. Este procedemento no apartado III, punto c, indica que a entidade Concesionaria Aqualia compromete-

tese a dar conta á Xunta de Goberno Local do correspondente contrato de obra, o cal deberá incluír unha serie de apartados específicos.

O proxecto de "REFORZO DA REDE DE ABASTECIMENTO NA PARROQUIA DE VALADARES. ESTRADA DE VENDA", foi aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 16 de xullo de 2014 co número de expediente 2.658/443 por importe de 430.648,56 € (IVE excluído).

En data 7 de agosto de 2014, Aqualia presenta a documentación requirida no apartado III.c indicado anteriormente.

Dacordo co indicado, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

1.- Dar conta da tramitación do seguinte expediente "REFORZO DA REDE DE ABASTECIMENTO NA PARROQUIA DE VALADARES. ESTRADA DE VENDA", cos datos requiridos no apartado III.c do Procedemento a seguir nas obras do Plan de Inversións de Aqualia:

Código do proxecto: Expte. 2.658/443

Nome e razón social do adxudicatario: Aqualia Infraestructuras, S.A.

NIF: A38849495.

Orzamento de execución material: 361.889,55 €

Orzamento de contrata: 430.648,56 € (IVE excluído).

Prazo de execución: 3 meses.

Data inicio obra: 15 días dende a firma da Acta de Comprobación de replanteo e a aprobación do Plan de Seguridade e Saúde e do Plan de Xestión de Residuos.

Clasificación do contratista: Non se exige.

Prazo de garantía: 2 anos.

Asistencia Técnica: ESINPRO.

Dirección de obra: Álvaro Crespo Casal e Jerónimo Centrón Castaños.

Coordinación de Seguridade e Saúde: CSM.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada da tramitación do expediente "Reforzo da rede de abastecemento na parroquia de Valadares. Estrada de Venda".

23(920) PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO DE OBRAS "HUMANIZACIÓN AVDA. DE CASTRELOS, ENTRE AVDA. DE PORTANET E CLARA CAMPOAMOR". EXPTE. 2547/440.

Visto o informe de fiscalización do 12.08.14, dáse conta do informe-proposta do xefe da Área de Fomento, do 7.08.14, conformado polo concelleiro de Área de Fomento, que di o seguinte:

ANTECEDENTES:

A empresa INGENIA, presenta o proxecto de "HUMANIZACION AVDA. DE CASTRELOS, ENTRE AVDA. DE PORTANET E CLARA CAMPOAMOR", redactado pola ENXEÑEIRA DE CAMIÑOS, CANLES E PORTOS MARIA FERREIRO NÚÑEZ e dirixido polo ENXEÑEIRO INDUSTRIAL MUNICIPAL, XEFE DA ÁREA DE FOMENTO ÁLVARO CRESPO CASAL, cun orzamento base de licitación máis IVE de DOUSCENTOS TRINTA E DOUS MIL CATROCENTOS DEZASETE EUROS CON CINCUENTA E SEIS CÉNTIMOS (232.417,56 €).

DESCRIPCIÓN DAS OBRAS:

O obxecto da humanización é a disposición dunha mediana axardinada de ancho 1,40 m que se disporá no eixo da avenida, ó longo de todo o ámbito de actuación, quedando interrompida no cruce coa rúa Pereiro, para permitir o xiro á esquerda dos vehículos neste punto.

Se renovará a beirarrúa entre a avenida Alcalde Portanet e a vivenda nº198 da avenida de Castrelos, aumentándose o ancho da mesma que actualmente é de aproximadamente 2 m, e que pasará a ter un ancho de 3 m. Neste tramo ademais se instalará unha nova rede de abastecemento, e se renovará a tubaría da rede de saneamento que actualmente discorre polo aparcamento, de formigón de diámetro 300 mm. Así mesmo, se instalará unha nova rede soterrada de alumado, e se canalizarán as redes aéreas de telecomunicacións e a rede eléctrica. Se fará unha instalación para a rede de rego e se disporá arborado e mobiliario urbano.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de TRES MESES.

Polo que á vista do anteriormente exposto, e tendo en conta o informe do Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos asinado en data 7 de agosto, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

1.- Aprobar o proxecto redactado pola empresa INGENIA para a "HUMANIZACIÓN AVDA. DE CASTRELOS, ENTRE AVDA. DE PORTANET E CLARA CAMPOAMOR" por un importe de 232.417,56 Euros (IVE engadido) e un prazo de execución de TRES meses.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

24(921) PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO DE OBRAS "CUBRICIÓN ESCALEIRAS MECÁNICAS II REPÚBLICA. EXPTE. 2543/440.

Visto o informe de fiscalización do 12.08.14, dáse conta do informe-proposta do xefe da Área de Fomento, do 7.08.14, conformado polo concelleiro delegado de dita Área, que di o seguinte:

ANTECEDENTES:

A empresa ESTUDIO A. MORENO, presenta o proxecto de "CUBRICIÓN ESCALEIRAS MECÁNICAS SEGUNDA REPÚBLICA", redactado polo ENXEÑEIRO DE CAMIÑOS, CANLES E PORTOS ALBERTO MORENO PIKE e dirixido polo ENXEÑEIRO INDUSTRIAL MUNICIPAL, XEFE DA ÁREA DE FOMENTO ÁLVARO CRESPO CASAL, cun orzamento base de licitación máis IVE de TRESCENTOS VINTE MIL EUROS (320.000,00 €).

DESCRIPCIÓN DAS OBRAS:

A presente actuación comprende as obras para a cubrición das escaleiras mecánicas da Rúa Segunda República. Optouse por dúas estruturas mixtas realizadas con pórticos de aceiro inoxidable e paneis de vidro. Os pórticos da estrutura realizaranse con aceiro inoxidable AISI 316 L, elaborados en taller con perfís de 160 x 80 x 4 milímetros; e montados en obra mediante soldadura a placa de ancoraxe. A separación entre pórticos varía entre 76,8 e 82,8 centímetros; e van rotando entre si para dar lugar a un efecto de movemento ao viandante.

Co fin de atenuar a sensación de estrangulamento nas zonas máis estreitas das escaleiras de pedra, que coinciden coa parte inferior de cada escaleira mecánica, a cubrición nestes tramos

estará formada unicamente por paneis de vidro. Os vidros serán de 8 +8 milímetros de vidro extra claro, laminado e morno.

Para garantir a iluminación óptima da Rúa, aloxaranse dous puntos de luz tipo Casco Vello, alí onde a estrutura fai sombra sobre a rúa. Ademais colocaranse varandas e pasamáns.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de TRES MESES.

Polo que á vista do anteriormente exposto, e tendo en conta o informe do Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos asinado en data 7 de agosto, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

1.- Aprobar o proxecto redactado pola empresa ESTUDIO A. MORENO para a “CUBRICIÓN ESCALEIRAS MECÁNICAS SEGUNDA REPÚBLICA” por un importe de 320.000 Euros (IVE engadido) e un prazo de execución de tres meses.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

25(922) PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO DE OBRAS “EXECUCIÓN DE BEIRRARRÚAS NA RÚA SAA-BEADE”. EXPTE. 2546/440 .

Visto o informe de fiscalización do 12.08.14, dáse conta do informe-proposta do xefe da Área de Fomento, do 11.08.14, conformado polo concelleiro delegado de dita Área, que di o seguinte:

ANTECEDENTES:

A empresa TECNIGAL S.L., presenta o proxecto de “EXECUCIÓN DE BEIRRARRÚAS NA RÚA SAA, BEADE”, redactado polo ENXEÑEIRO DE CAMIÑOS, CANLES E PORTOS PABLO LÓPEZ FERNÁNDEZ e polo ENXEÑEIRO INDUSTRIAL JOSE MANUEL FOUQUES DÍAZ e dirixido polo ENXEÑEIRO INDUSTRIAL MUNICIPAL, XEFE DA ÁREA DE FOMENTO ÁLVARO CRESPO CASAL, cun orzamento base de licitación máis IVE de NOVENTA E SETE MIL TRESCENTOS SETENTA E NOVE EUROS CON TRINTA E DOUS CÉNTIMOS (97.379,32 €).

DESCRIPCIÓN DAS OBRAS:

O ámbito de actuación programado comprende dende o inicio da rua Saa na súa intersección coa rua Do Seixo, ate o número 37 intersección co camiño Marinasia, o que supón unha:

- Lonxitude do tramo de actuación: 510 m
- Superficie da actuación: 681 m²

A actuación de referencia ten por obxeto:

- Executar unha beirarrua de uso peonil de formigón dende a intersección coa rua Seixo ate o número 37 da rua Saa, con conexión ate a beirarrua existente.
- Incorporar unha rede de recollida de pluviais, baixo beirarrua en toda a zona de actuación.
- Incorporar rede de alumeado público, mediante canalización soterrada baixo beirarrua, con tubo de Ø 110 mm.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de TRES MESES.

Polo que á vista do anteriormente exposto, e tendo en conta o informe do Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos asinado en data 7 de agosto, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

1.- Aprobar o proxecto redactado pola empresa TECNIGAL, S.L. para a "EXECUCIÓN DE BEIRARRÚAS NA RÚA SAA - BEADE" por un importe de 97.379,32 Euros (IVE engadido) e un prazo de execución de tres meses.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

26(923) PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO DE OBRAS "HUMANIZACIÓN RAMÓN NIETO, FRONTE AO MERCADO DE CABRAL".EXPTE. 2545/440.

Visto o informe de fiscalización do 12.08.14, dáse conta do informe-proposta do xefe da Área de Fomento, do 7.08.14, conformado polo concelleiro delegado de dita Área, que di o seguinte:

ANTECEDENTES:

A empresa TECNIGAL S.L., presenta o proxecto de "HUMANIZACIÓN RAMÓN NIETO, FRONTE AO MERCADO DE CABRAL", redactado polo ENXEÑEIRO DE CAMIÑOS, CANLES E PORTOS PABLO LÓPEZ FERNÁNDEZ e polo ENXEÑEIRO INDUSTRIAL JOSE MANUEL FOU-CES DÍAZ e dirixido polo ENXEÑEIRO INDUSTRIAL MUNICIPAL, XEFE DA ÁREA DE FOMENTO ÁLVARO CRESPO CASAL, cun orzamento base de licitación máis IVE de CENTO CINCUENTA MIL EUROS (150.000,00 €).

DESCRINCIÓN DAS OBRAS:

Os criterios fundamentais desta actuación son os seguintes:

Manténse a sección básica do vial, cun ancho máximo entre fachadas de 15,30 m, estruturada cunha calzada de dous carriles de circulación de ancho medio 3,80 y 4 m, aparcamento nunha marxe da calzada e beirarruas que serán incrementadas ate obter uns anchos medios de 1,80 m.

Executase un cambio de firmes nas beirarruas, pasos peonís e cambio de bordos, por lousas de granito Gris Alba de 40x40x4 cm e lousas de granito Rosa Porriño de 80x40x4 cm en aceras, vermello Altamira nos accesos peonís e bordo de granito Blanco Mera, así como a incorporación de pavimento de adoquín Blanco Mera nas zonas de vados de carruaxes.

Incorpóranse novas luminarias con lámparas de vapor de sodio alta presión de 150w, (SON-TPP150 w) incluíndo o pintado a dúas cores e acondicionamento das columnas existentes.

Ubicación de novo mobiliario urbano, con incorporación de novas papeleiras e bancos.

Incorporación de bocas de rego e hidrantes, e actuacións complementarias como o marcado e sinalización da rotonda entre a intersección coa Avda do Tranvía.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de CATRO MESES.

Polo que á vista do anteriormente exposto, e tendo en conta o informe do Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos asinado en data 7 de agosto, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

1.- Aprobar o proxecto redactado pola empresa TECNIGAL, S.L. para a “HUMANIZACIÓN RAMÓN NIETO, FRONTE AO MERCADO DE CABRAL” por un importe de 150.000 Euros (IVE engadido) e un prazo de execución de catro meses.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

27(924) PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO DE OBRAS “ENSANCHE DO ESTREITO DA PIVIDAL, NA AVDA. DE SANTA MARIÑA”. EXPTE. 2544/440.

Visto o informe de fiscalización do 12.08.14, dáse conta do informe-proposta do xefe da Área de Fomento, do 7.08.14, conformado polo concelleiro delegado de dita Área, que di o seguinte:

ANTECEDENTES:

A empresa VILAR MONTORO INGENIERÍA, presenta o proxecto de “ENSANCHE DO ESTREITO DA PIVIDAL, NA AVDA. DE STA. MARIÑA”, redactado polo ENXEÑEIRO TÉCNICO DE OBRAS PÚBLICAS LUIS VILAR MONTORO e dirixido polo ENXEÑEIRO INDUSTRIAL MUNICIPAL, XEFE DA ÁREA DE FOMENTO ÁLVARO CRESPO CASAL, cun orzamento base de licitación máis IVE de CENTO DOUS MIL CENTO SETENTA E SETE EUROS CON OITENTA E SETE CÉNTIMOS (102.177,87 €).

DESCRIPCIÓN DAS OBRAS:

O proxecto considera as seguintes actuacións:

- Prevese a demolición da vivenda presente na marxe impar no número 233, logo de retirada por da cuberta de fibrocemento.*
- Execútase un muro de formigón armado de altura variable que irá oscilando en progresión dende 0 ata 2,50 m reducíndose gradualmente a altura ao inicio e ao final da actuación adaptándose á rasante da calzada.*
- Execútase unha acometida de saneamento con tubería de 315 mm duns 50 m de lonxitude unindo a parcela 231 ao pozo da rede de saneamento que discorre por medio da calzada actual.*
- Contigua á vivenda existente no lado impar e apoiada enriba da cabeza do muro executarase unha beirarrúa de formigón de 15 cm de espesor nunha lonxitude aproximada de 25 m. A está beirarrúa instalaráselle unha varanda de aceiro inox en calidade 316 L nas zonas con chanzo lateral de mais de 30 cm.*
- Ao sobre ancho ganado e unha vez acondicionado se lle extenderá unha capa de 7 cm de mezcla bituminosa, igualando a rasante co aglomerado existente como regularización. Posteriormente se extenderá unha capa de 5 cm de mezcla bituminosa, en toda a zona de actuación da calzada.*

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de TRES MESES.

Polo que á vista do anteriormente exposto, e tendo en conta o informe do Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos asinado en data 7 de agosto, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA:

1.- *Aprobar o proxecto redactado pola empresa VILAR MONTORO INGENIERÍA para a "ENSANCHE DO ESTREITO DA PIVIDAL, NA AVDA. DE STA. MARINA" por un importe de 102.177,87 Euros (IVE engadido) e un prazo de execución de TRES meses.*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

28(925) EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE PROMOCIÓN TURÍSTICA DA CIDADE DE VIGO. EXPTE. 5238/104.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 13.08.14, o informe de fiscalización do 14.08.14, e de acordo co informe-proposta da técnica de Turismo, do 14.08.14, conformado polo xefe do Departamento de Relacións públicas, o concelleiro de Xestión municipal e o concelleiro delegado de Industria, Turismo, Cultura e Festas, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente Nº 5238-104.

SEGUNDO.- Aprobar o prego de prescricións técnicas de data 29.07.2014 e o prego de cláusulas administrativas de data 13.08.2014.

TERCEIRO.- Autoriza-lo gasto, por importe 408.000€(incluído IVE) correspondente o ano 2014, con cargo á partida 9120.4790000.

CUARTO.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente establecida.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás once horas e trinta minutos. Como secretaria dou fé.

me.

O ALCALDE

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez.

Mª Jesús Lago Rey.